

O estado social de dereito e o capitalismo: crise da función reguladora da norma xurídica

*The Rule of Law and Capitalism:
The Crisis of the Regulatory Function of the Legal Rule*



JUAN HERNÁNDEZ ZUBIZARRETA

Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea
<juan.hernandez@ehu.es>

Recibido: 16/06/2014

Aceptado: 23/06/2014

Resumo

As relacións de poder, a reinterpretación xurídica a prol do capital e das empresas transnacionais, a asimetría normativa que provoca a tutela dos dereitos das empresas transnacionais e a desprotección dos dereitos das maiorías están desprazando o estado de dereito, a separación de poderes, o imperio da lei, o paralelismo nas formas e a propia esencia da democracia.

Por outra parte, a crise económica e financeira viuse acrecentada pola crise xurídica no marco da Unión Europea, que se converteu nun campo máis de experimentación onde quebrar o estado social de dereito, e, o que é máis grave, erosionar a arquitectura xurídica internacional dos dereitos humanos e dos seus núcleos de imputación.

Palabras chave: estado de dereito, Unión Europea, capitalismo, norma xurídica, dereito corporativo global.

Abstract

Power relations, reinterpretation of the law in favour of transnational companies and capital, the asymmetrical regulations arising from the protection of transnational companies' rights and the lack of protection of the rights of the majority are supplanting the state of law, the separation of powers, the rule of law, the parallelism of forms and the very essence of democracy.

Furthermore, the economic and financial crisis has been exacerbated by the legal crisis within the European framework; the EU has become yet another area for experimentation in breaking up the social state of law and, most seriously, eroding the international legal architecture of human rights and their units of imputation.

Keywords: Rule of law; European Union; Capitalism; legal Norm; Global Corporate Law.

1. Introducción

A profunda crise do sistema capitalista ten múltiples variables –económica, ecolóxica, alimentaria, de coidados das persoas...– que afectan tamén aos núcleos centrais dos ordenamentos xurídicos nacionais e internacionais. As relacións de poder, a reinterpretación xurídica a prol do capital e das empresas transnacionais, a asimetría normativa que provoca a tutela dos dereitos das empresas transnacionais e a desprotección dos dereitos das maiorías están desprazando o estado de dereito, a separación de poderes, o imperio da lei, o paralelismo nas formas e a propia esencia da democracia. Hoxe máis que nunca, o capitalismo instrumentaliza os principios normativos en favor da pura arbitrariedade ao servizo das clases dominantes.

No ámbito internacional, o poder político, económico e xurídico das empresas transnacionais permítelles actuar sen contrapesos normativos e cun alto grao de impunidad. Atopámonos ante a quebra dos procedementos formais e substanciais dos dereitos das maiorías e o fortalecemento –mediante a consolidación de normas corporativas globais– do poder das empresas transnacionais e as clases dominantes.

Desde esta perspectiva, preténdese como obxectivo central desvelar a profunda asimetría existente entre as características dunha nova *lex mercatoria* que tutela os dereitos das empresas transnacionais e os sistemas de control das devanditas empresas. Desde esta desigualdade, entre a fortaleza do dereito corporativo global e a fragilidade dos ordenamentos nacionais receptores da actividade económica e dos sistemas universais e *ad hoc*, xorde con especial forza o dereito brando, a *soft law*, nos contornos da asimetría descrita. Lonxe de evolucionar cara a contrapesos normativos, a aparición de códigos de conduta internos no marco da responsabilidade social corporativa consolida os dereitos das empresas transnacionais, é dicir, os dereitos das minorías, fronte aos dereitos das maiorías sociais. A disputa entre o dereito internacional do comercio e o dereito internacional dos dereitos humanos e dereito internacional do traballo resólvese en detrimento destes.

O marco teórico estrutúrase á volta da socioloxía xurídica crítica. É dicir, preténdese estudar as realidades sociais e xurídicas máis alá das súas propias evidencias; en palabras de Sousa Santos e García Villegas (2004, p. 3), «analizar o ámbito de variacións e de potencialidades alén do que está empiricamente dado. A análise crítica do que existe baséase no presuposto de que a existencia non esgota as súas posibilidades e que, por tanto, hai alternativas para superar o que é criticable no que existe. O malestar, a desconformidade e a indignación fronte ao que existe é a fonte do impulso para imaxinar unha teoría destinada á súa superación». As ideas forza que

percorren o campo da socioloxía xurídica internacional atravesan a estrutura metodolóxica das teses que se van expoñer:

a) A distinción entre *law-in-books/law-in action* implica desvelar as prácticas das institucións públicas e persoas xurídicas privadas para alén dos obxectivos que formalmente declaran (Sousa Santos e García Villegas, 2004, p. 1). O abismo tan pronunciado entre o poder político, económico e xurídico das empresas transnacionais e as declaracións sustentadas nos mecanismos privados da responsabilidade social corporativa e códigos de conduta debe ser estudado co máximo rigor. Esta é unha tarefa complexa, xa que a tea de araña político-xurídica que se tece entre as institucións internacionais, basicamente financeiras, os estados centrais e as empresas multinacionais crea estruturas de dominación política extremadamente eficaces e sutís. A transparencia política e institucional require mostrar a quebra existente entre as súas políticas materiais e formais. A idea que subxace é a de mostrar as relacións de poder que impregnan o ordenamento xurídico económico –ao cal se dota de plena eficacia normativa– fronte á mera lóxica declarativa que afecta aos núcleos de imputación normativa dos sistemas de control das empresas transnacionais.

b) Os pluralismos xurídicos, a xustiza non oficial que complementa nuns casos e que confronta noutros o estado de dereito, é a segunda idea para termos en conta. Alén dos pluralismos xurídicos infraestatais que con tanta forza están irrompendo nos novos escenarios internacionais –non podemos esquecer a Constitución boliviana a respecto das comunidades indíxenas ou, desde un ángulo ao meu parecer moi crítico, a lei islámica–, os pluralismos a que nos referiremos serán as formas globais de xustiza arbitral que actúan como referentes normativos das empresas multinacionais. A globalización acentuou a crise dos sistemas normativos e dos seus principios básicos: os de legalidade, xerarquía normativa e seguridade xurídica.

Como afirma Sousa Santos (2004, p. 2), entendemos por dereito «todo o conxunto de normas que sustentan reivindicacións fundadas na idea de dereitos con base nas cales se crean, preveñen ou resolven litixios. A resolución de litixios lévase a cabo segundo procedementos máis ou menos normalizados e predicibles e mediante a actuación dunha terceira parte, allea ao litixio, cuxa decisión pode ser apoiada mediante coerción ou, cando menos, mediante a ameaza de coerción». As normas de comercio e investimentos e as institucións que as ratifican modifican, reinterpretan e adecúan os contornos centrais dos ordenamentos xurídicos aos intereses das empresas transnacionais. Así, as normas imperativas, coercitivas e executivas transitan do público ao privado; a transparencia, cando menos formal, dos procesos lexislativos é substituída pola opacidade da tecnocracia financeira, e as institucións construídas

desde a democracia representativa axéitanse á eficacia do mercado alleo á lexitimidade sustentada na vontade popular. O pluralismo xurídico supraestatal definido desde as posicións de poder confirma a privatización das regras xurídicas globais.

c) A terceira idea conecta con aquilo que Zubero (2007, p. 53) denominou o exercicio da desresponsabilización como nova fonte de poder. Conveño con el en que o modelo globalizador afonda máis na «capacidade de emanciparse de calquera control desresponsabilizándose da xestión dos espazos e as sociedades; [é] un poder que reside menos na capacidade de obrigar que na de non sentirse obrigado. Ambas as formas de poder, a tradicional e a nova, permanecen ambiguas». No noso caso esta ambigüidade non é tal, xa que se reforza o ámbito internacional mediante o dereito corporativo global que tutela os dereitos das empresas transnacionais. Así, os tribunais arbitrais de comercio resollen litixios entre estados, xeralmente empobrecidos e demandados, fronte a particulares, persoas xurídicas privadas, que son as demandantes. As súas sentenzas son coercitivas e executivas. Ademais, a armazón normativa neoliberal está sometida no seu *iter* a todo tipo de prácticas alleas aos procedementos legais formalmente establecidos, carecen de controis, mentres que a aprobación final das normas dispón de plena seguridade xurídica.

d) Por outro lado, as obrigas encóntranse atravesadas polas regras da desresponsabilización absoluta, cuxa expresión formal son as boas prácticas dos códigos de conduta alleos a calquera sistema normativo clásico. A desresponsabilización imprégna-se, aínda que poida parecer unha contradición nos termos, da responsabilidade social corporativa, cuxa preocupación formal polas sociedades é voluntaria, ademais de completar os ordenamentos nacionais onde as empresas transnacionais actúan. É aquí onde se incidirá especialmente, para desvelar o círculo infernal entre a desregulación neoliberal dos estados receptores e o baleiramento ou taponamento da evolución dos sistemas universais internacionais e *ad hoc* de control das empresas transnacionais fronte ao poder normativo do dereito comercial global. A armadura xurídica que tan ferreamente está condicionando os novos gobernos latinoamericanos complementase coa lóxica voluntaria das boas prácticas que desprazou o público cara ao privado.

e) A actual crise sistémica formula con toda a súa crueza a conflitiva relación existente entre o mercado e a democracia, e entre a actividade económica e as formas de ordenación político-xurídica da economía (Monereo, 2011, p. 37). A ruptura do sistema garantista constitucional e do estado social de dereito volve situar no centro do debate xurídico a reflexión sobre as teorías do formalismo e do instrumentalismo xurídico.

f) A última cuestión metodolóxica apóiase na distinción epistemolóxica entre neutralidade e obxectividade. As investigacións sociais serán utilizadas para dar conta precisa da realidade. Estas investigacións son en moitos casos alternativas, xa que as institucións internacionais non teñen afondado en moitas das prácticas concretas das empresas transnacionais. De todas as formas, a obxectividade non é neutralidade, xa que o sufrimento das maiorías sociais condiciona o desenvolvemento do traballo. O noso referente xurídico é o dereito internacional dos dereitos humanos e o dereito internacional do traballo, e a inversión da pirámide normativa parte do noso quefacer investigador.

2. O dereito ante a globalización económica: unha aproximación metodolóxica

Os estudos e análises sobre a globalización multiplicáronse nos últimos tempos. Son moitos os aspectos sociais, culturais, económicos, políticos e xurídicos afectados por este termo polisémico (Fariñas, 2005, p. 31) difícil de definir. De aí que se fale do «proceso de globalización» ou de «procesos históricos» (Caballero, 2010, pp. 21-95; Calderón, 2006, pp. 1-12) de transformación política, económica, institucional, cultural e xurídica, máis que de definicións cerradas, capaces de abrangueren toda a súa substantividade.

Como hipótese inicial abandónase a idea de inevitabilidade da globalización, tal e como se está a desenvolver, ou das súas consecuencias «naturais» froito dun determinismo mecanicista. Convén diferenciarmos con precisión as transformacións que a globalización acompaña, como a relación espazo-tempo, as innovacións tecnolóxicas, a transnacionalización dos mercados en todas as súas dimensións, a diversificación da produción, as modificacións das relacións laborais e un longo etcétera de mutacións xeradas por un fenómeno multifacético (Sousa Santos, 2003, p. 168), da xestión neoliberal do devandito fenómeno e as consecuencias que produce. Unha cousa é o carácter descritivo de determinados procesos e outra moi diferente o proxecto político que subxace ao fundamentalismo neoliberal, entendido como criterio central a que todo debe subordinarse. Como afirma Sachs (2005, p. 188):

«Os fundamentalistas do mercado consideran que o desenvolvemento é un concepto redundante. Este producírase como resultado natural do crecemento económico, grazas ao efecto da filtración. Porén, a teoría da filtración sería totalmente inaceptable por motivos éticos, aínda cando funcionase na práctica, cousa que –de feito– non ocorre. Nun mundo de abraiantes desigualdades, é un disparate pretender que os ricos se fagan aínda máis ricos, para que así os desposuídos estean un pouco menos desposuídos».

De aí que resulte imprescindible centrarse na dimensión social e, en concreto, nos fortes desequilibrios que se producen entre o mercado e os dereitos humanos (Sousa Santos, 1998, pp. 176-232). A economía globalízase e as institucións democráticas que tutelan os dereitos das maiorías sitúanse nun espazo subordinado e marxinal; as institucións globalizadas substitúen o control democrático pola regulación opaca do comercio global. Así, a Organización Internacional do Traballo (OIT, 2004, p. 4) considera que:

«As normas globais reflicten unha falta de equilibrio. As normas e institucións económicas prevalecen sobre as normas e institucións sociais; e as realidades globais están poñendo a proba a eficacia das propias normas e institucións actuais. Liberalizouse o comercio dos produtos manufacturados, mentres segue o proteccionismo no sector agrícola. Con demasiada frecuencia as políticas internacionais aplícanse sen ter en conta as especificidades nacionais. O desequilibrio das normas globais pode agudizar as desigualdades iniciais. Na actualidade, as normas que rexen o comercio mundial favorecen con frecuencia aos ricos e poderosos, e poden prexudicar aos pobres e febles, xa se trate de países, empresas ou comunidades».

Este é o pano de fondo da globalización económica. As súas normas, institucións e políticas non son a consecuencia aséptica do devir económico mundializado, senón o resultado da correlación de forzas existentes. Dito doutro modo, o feito de que no vértice da pirámide normativa se atope a tutela dos dereitos que son obxecto de regulación mercantil —e non os dereitos humanos— non depende de ningún proceso inevitable, é froito da sacralización do mercado.

A segunda hipótese a que quería referirme é o desafío a que se enfronta o dereito á hora de abordar a regulación dos múltiples factores que subxacen aos cambios provocados polo proceso globalizador. A crise dos modelos teóricos e analíticos do dereito, xunto á do monopolio normativo do estado e de principios básicos como o monismo xurídico, os dereitos subxectivos, a separación de poderes, o principio de legalidade e o de xerarquía normativa, sitúan os ordenamentos xurídicos nunha fase de adaptación cuxo desenlace é moi difícil de predicir. As institucións multilaterais, as corporacións transnacionais e os estados imperiais forman unha nova dimensión política, económica e xurídica que sustenta o proxecto neoliberal (Faria, 2001, pp. 13-15). Pietro Barcellona considera que ao dereito moderno se lle encarga crear novas condicións para a convivencia plural «polo que perde todo fundamento de xustiza e se converte en artificio, regra de xogo, en espazo para a negociación dos intereses económicos en conflito. O dereito ha de baleirarse de todo contido para converterse en pura técnica formal...» (Barcellona, 1992, p. 46). Un desenvolvemento exclusivamente técnico-formal pode conducir a situacións en que os mecanismos xurídicos se perfeccionan á vez que a situación social se deteriora (Chemillier-Gendreau, 2002, p. 33). Nesta dirección, Faria (2001, p. 37) contrapón a crise que

actualmente viven o dereito positivo e o pensamento xurídico coas transformacións da globalización neoliberal:

«A dogmática xurídica¹ aspira a facer posible a redución da experiencia á estrita dimensión da norma, configura o xurídico como capaz de non verse condicionado nin por poderes absolutos nin por ideoloxías. Ao ver así o dereito non como un feito social nin como un valor transcendental, senón simplemente como un conxunto de regras positivas baixo a forma dunha orde coactiva, a dogmática permite a conversión do pensamento xurídico nun aparato conceptual depurado de contaminacións valorativas».

A dogmática xurídica desármase ante a influencia da globalización; o pluralismo xurídico fronte ao monismo, o formal fronte ao informal, o codificado fronte ao deslegalizado, o contractualismo fronte á lei, as relacións de poder fronte ao imperio da lei e a vixencia declarativa e pouco efectiva dos dereitos humanos fronte á crise permanente destes (Sen, 2010, pp. 387-421). Estas contradicións rexorden con toda a súa vitalidade. Agora máis do que nunca, abordar os novos desafíos normativos require revisar vellas controversias resoltas desde o dogmatismo xurídico; así, a legalidade e a lexitimidade, a confrontación entre dereito e xustiza ou a subordinación normativa ás relacións de poder. Por outra parte, a especificidade científica do dereito deberá incorporar os coñecementos da socioloxía, a economía, a teoría feminista² e a política. A interdisciplinabilidade imponse ante o carácter multifacético que incorpora a globalización. Ademais, como afirma Domingo Oslé (2007: 108), «o internacional, mellor dito, o global pasou a ser patrimonio de todos os xuristas, e non só dos internacionalistas». A ciencia xurídica crítica deberá integrar a dogmática e a socioloxía como instrumentos para coñecer as razóns e obxectivos do dereito (Monereo, 2007, p. 46). Este non se autoproduce á marxe dos contextos sociopolíticos (Arnaud, 1998, pp. 17-43). As interpretacións alternativas baseadas nos dereitos humanos e nos valores constitucionais para a resolución dos conflitos deben ir máis alá da simple aplicación formal da norma.

¹ A dogmática xurídica é o resultado da converxencia entre (a) a consolidación dun concepto moderno de ciencia, ocupado non tanto do problema da verdade ou falsidade das conclusións do raciocinio científico como do seu carácter sistemático e lóxico-formal; (b) a identificación entre os conceptos de dereito e lei positiva, nun primeiro momento, e de dereito e sistema conceptual da ciencia, nun segundo momento; (c) a separación entre teoría e praxe e a conseguinte afirmación dun modelo de saber xurídico como actividade prioritariamente teórica, avalorativa e descritiva; (d) a énfase na seguridade xurídica como sinónimo de certeza dunha razón abstracta e xeral, resultante dun estado soberano, coa conseguinte transposición da problemática científica ás cuestións de coherencia da lei en si mesma (Faria 2001, p. 35).

² Arantza Campos (2008) analiza unha serie de propostas *iusfeministas* á revisión crítica do dereito.

A globalización xera unha ruptura na concepción monista do dereito. O estado deixa de ser o protagonista central da produción lexislativa e o pluralismo xurídico global consolídase como expresión dunha legalidade supraestatal, formal e informal, baseada nas institucións e axentes económicos dominantes (De Julios-Campuzano, 2007, pp. 14-40). O dereito corporativo global, isto é a *lex mercatoria*, atópase condicionada polas relacións de poder entre estados e sectores dominantes, que desprazan o dereito estatal construído arredor da nación.

Desde a teoría do dereito resulta imprescindible reconstruír unha nova dogmática xurídica global ou universal. Así, en palabras de Tiwning (2000, pp. 188-191) «un renacemento da xurisprudencia xeral e unha reconsideración do dereito comparativo desde unha perspectiva global como elementos chave dunha perspectiva xurídica cosmopolita». Monereo (2007, pp. 11-51), pola súa vez, considera que a análise do dereito, como forma da realidade complexa, non pode levarse a cabo de maneira exclusiva a través da dogmática tradicional. Unha teoría formal do dereito (a tecnoloxía xurídica) e do funcionamento das normas serve para deformar a realidade e lexitimar as estruturas existentes. De aí que á análise interna do dereito se una o punto de vista «externo», «sociolóxico-xurídico e ético-político». «O centro de interese para o xurista científico debe ser tanto o dereito positivo como a realidade social en que se insire» (Monereo, 2007, p. 47), ao que engade: «É necesario superar a alternativa entre o formalismo, que defende a autonomía absoluta da forma xurídica a respecto do mundo social, e o instrumentalismo, que concibe o dereito como un reflexo ou instrumento ao servizo das clases dominantes» (Monereo, 2011, p. 127).

Nesta dupla premisa, a globalización económica e a súa influencia nos núcleos centrais dos ordenamentos xurídicos, sitúase a actual fortaleza das empresas transnacionais e as dificultades para exercer un control xurídico eficaz.

A terceira e última hipóteses refírese ao modelo de democracia que acompaña a globalización neoliberal. O binomio democracia-desenvolvemento humano/bo vivir está sendo substituído polo de eleccións formais-mercado.

A necesidade de reformular os principios esenciais da democracia non pode dissociarse da profunda crise que a globalización económica está xerando nas institucións representativas. A orde liberal, desde a estrita vertente política, e o seu duplo fundamento representado pola imbricación da democracia representativa e o estado de dereito, están ameazados –cando menos– polo desprazamento das decisións dos antigos marcos dos estados-nación cara ás organizacións internacionais. A Organización Mundial do Comercio (OMC), o Banco Mundial, o Fondo Monetario

Internacional (FMI), o G8, o G20... –institucións cuxo funcionamento se desenvolve á marxe de calquera regra democrática³– están a converterse nas institucións centrais do devir da cidadanía de todo o planeta. Non obstante, o gran reto reside, tal e como o describe Bensaid (2004, p. 21), «na disposición dos espazos e os tempos onde poder exercer un control democrático dos procesos de produción e reprodución social». Por outra parte, as políticas neoliberais substitúen a cidadanía por consumidores, a lei polo contrato, a lóxica lexislativa pola lóxica contractual, o dereito público por normas privadas, a superioridade dos poderes executivos polos lexislativos, as regulacións laborais e os dereitos sociais por privatizacións e desregulacións, a democracia representativa por disputas electorais e o estado de dereito por estados ao servizo das empresas transnacionais.

A globalización converte a democracia nun mero procedemento formal, dirixido á consolidación da liberdade de mercado, sen ningún obxectivo emancipador. A privatización dos dereitos humanos, a desregulación normativa en todos os ámbitos, é dicir, a privatización do dereito, abren paso á democracia do mercado e á definitiva privatización das súas institucións. A democracia transfórmase nunha simple sucesión de actividades administrativas e procedementais onde as contendas electorais marcan a consolidación do libre mercado. A ideoloxía neoliberal atenta contra a dimensión igualitaria e paritaria da estrutura democrática (Fariñas, 2005, p. 81).

3. O dereito corporativo global

3.1. A feudalización do dereito global

A impunidade con que actúan as empresas transnacionais vincúlase co poder político e económico con que contan (Zabalo, 2006, pp. 5-10). Esta é unha primeira característica do novo dereito global. O poder político-económico das empresas multinacionais –as concentracións e fusións de empresas transnacionais, os monopolios, as privatizacións, as prácticas irregulares, os paraísos fiscais, as «portas xiratorias» entre o poder político e económico, os *lobbies* de poder...– e os efectos sociais e ambientais que provocan son moi graves, o que se agudiza polas dificultades

³ Como afirma Ramonet (2003, p. 16), «a escala planetaria, os tres protagonistas son: as asociacións de estados (Estados Unidos, Canadá e México, Unión Europea, Mercosur, ASEAN...), as empresas globais e grupos mediáticos ou financeiros, e as organizacións non gobernamentais de dimensión mundial. Estes tres novos actores operan nun marco planetario fixado non tanto pola Organización das Nacións Unidas como pola Organización Mundial do Comercio. O voto democrático do conxunto dos cidadáns ten moi pouco peso no funcionamento interno destes tres novos actores».

de control e pola impunidade con que actúan (Hernández Zubizarreta, 2011, pp. 529-555).

Non pode obviarse que os seus dereitos se aferran ao dereito duro, clásico, que está constituído polo imperativo, o coercitivo e o control arbitral; son a expresión da xerarquía do mercado e da acumulación de capital duns poucos fronte ás maiorías sociais. As empresas transnacionais desterritorializan parte da súa actividade económica e fracturan os diferentes sistemas de regulación e control a que se ven obrigadas; instrumentalizan o conxunto de normas materiais e formais do dereito comercial global para a tutela dos seus intereses⁴. Esta protección encontra fortes ancoraxes no caudal normativo e xurisdiccional do comercio internacional. As normas da OMC, os tratados rexionais e bilaterais de comercio e investimentos, os contratos de explotación e os sistemas de solución de diferenzas e tribunais arbitrais son as súas expresións máis concretas (Teitelbaum, 2010, pp. 153-229). É un dereito internacional duro, imperativo, coercitivo, sancionador e xuridicamente eficaz.

A globalización económica afondou na crise permanente entre a identidade do estado de dereito, como o conxunto de garantías das liberdades e límites aos poderes públicos desenvolvidos de maneira xenérica e abstracta, dun lado; e, do outro, o estado social, intervencionista, e as súas crises asociadas ás económicas, que condicionan o seu pleno desenvolvemento a prol dos dereitos sociais. As prestacións positivas, que implican un *plus* de actividade e non de abstención por parte do estado, vinculáronse desde a perspectiva xurídico-procedemental a mecanismos discrecionais, concretos, moi especializados, cuantitativamente numerosos e sometidos ás relacións de poder e á mediación dos partidos políticos e presións de grupos económicos e corporativos. O sometemento á lei quedou subsumido en poderes moi discrecionais (Ferrajoli, 2004, pp. 16-19). A contractualización da lei e das relacións económicas emerxe con gran forza.

A globalización acentuou a crise dos sistemas normativos e dos seus principios básicos: o de legalidade, xerarquía normativa e seguridade xurídica. A falta de transparencia e de control democrático, a opacidade en todo o *iter* normativo e a ausencia dunha xurisdición internacional que tutele os dereitos das maiorías sociais xeraron o que Habermas denominou como «buratos de lexitimidade» (De Julios-Campuzano, 2007, pp. 22).

⁴ Para unha análise do contido material do dereito corporativo global-*lex mercatoria*, véxase Hernández Zubizarreta (2012, pp. 135-138).

3.2. Perda de funcións do estado

No tocante á perda de funcións e soberanía dos estados, son as teses que tratan sobre a presión indirecta que a hipermobildade do capital xera sobre a capacidade dos estados de manteren ou acrecentaren o estado de benestar as que xustifican a súa menor capacidade reguladora. A idea básica fundaméntase na supeditación de toda a política pública á «tranquilidade» que os grandes investidores necesitan para aumentaren as súas taxas de ganancias (Torres, 2010, pp. 28-32). Aquí a carreira cara ao abismo dos dereitos exprésase nos límites e retrocesos dos dereitos sociais da cidadanía, incluídos os da clase obreira⁵. Nos países periféricos, a chantaxe do FMI, o Banco Mundial, os acordos xerais de comercio da OMC e os tratados rexionais e bilaterais, atrofian e inmovilizan a expansión do estado de benestar. A crise da soberanía dos estados é máis un problema político que unha consecuencia incontestable da globalización. É unha aposta por romper o pacto social e desequilibrar a –por outra parte– moderada redistribución dos beneficios a prol do capital⁶. O adelgazamento do estado maniféstase na vertente do estado de benestar, é dicir, nas súas políticas públicas e nos dereitos sociais, e non na súa fortaleza como muro de contención das reivindicacións sociais. Os seus aparatos de control político son unha mostra do seu máximo esplendor (De la Fuente e Hernández Zubizarreta, 2006, p. 203).

Canto á perda de competencias, o 11 de setembro (Silver, 2005, p. 25) supuxo unha clara reactivación de poderes soberanos atrofiados, xa que o control do diñeiro das redes do fundamentalismo islámico esixiu regular os fluxos de capital, o que ilustra como as posibilidades de crear mecanismos de regulación existen alén das supostas perdas de soberanía. Unha vez máis pode constatarase que as decisións políticas poden, cando menos, modular a tendencia uniformadora das políticas neoliberais.

O estado atópase desbordado por forzas económicas internacionais que, de acordo coas categorías mencionadas, poderá controlar mellor ou peor. A ruptura do nexa mercado-estado carrega, no entanto, unha serie de consecuencias importantes (Pacheco, 1999, pp. 123-158). A extorsión mediante a ameaza da deslocalización, a mobilidade dos fluxos de capital sen regulacións de contención e o espazo financeiro global desregulado son expresións da perda ou reacomodamento de competencias estatais (Carrascosa, 2004, p. 29).

⁵ As desigualdades históricas entre homes e mulleres toman especial belixerancia co impacto da crise económica e as políticas de axuste, o que reforza a lóxica patriarcal da división sexual do traballo.

⁶ Para unha análise exhaustiva e rigorosa sobre os impactos da hexemonía do capital financeiro sobre o pacto keynesiano, sobre as institucións públicas e sobre o conxunto das relacións laborais, véxase Alonso e Fernández Rodríguez (2012).

O papel dos estados non pode desvincularse do desenvolvemento do capitalismo. A soberanía nacional estivo historicamente supeditada á construción dun mercado mundial e sometida ás confrontacións bélicas entre os estados imperiais. A semisoberanía e cuasiestatalidade son vellas tendencias que se manifestan agora con maior gravidade en moitos estados (Arrighi e Silver, 2001, p. 101). Os estados membros do G8, en especial os Estados Unidos, potenciaron institucións financeiras e comerciais, así como tratados rexionais e bilaterais de comercio e investimentos, xunto a intervencións militares e económicas. A unilateralidade, a reinterpretación do papel da Organización das Nacións Unidas (ONU) e a supeditación do dereito internacional dos dereitos humanos ao dereito do comercio global foron as súas pautas normativas e institucionais. Conveño con Monereo (2011, p. 124) en que:

«O que se debuxa na conxuntura actual é que os estados teñen que facer fronte a unha nova xeografía do poder, en que xunto a fenómenos de relativa perda de autonomía decisoria operan novas formas de regulación estatal. Velaí que se acentúe o pluralismo xurídico, interno e externo, fronte á concepción tradicional monista da forzas de produción do dereito».

A existencia dos estados imperiais é básica para o funcionamento do capitalismo e dun dos seus axentes centrais, as empresas transnacionais. A súa dimensión social vai reducíndose e o control e a orde pública ampliándose. Algunhas competencias normativas extraterritorialízanse, e as económicas-financeiras reenvíanse cara a ordenamentos internacionais de carácter coercitivo, imperativo e con eficacia xurídica máxima, mentres as competencias sociolaborais e os dereitos sociais son sometidos a unha «regulación da desregulación»⁷ (Pastor, 2007, p. 4), quedando no ámbito estatal e reterritorializándose. Os dereitos das empresas transnacionais tutélanse desde a extraterritorialización (normas da OMC, o FMI, o Banco Mundial, os laudos arbitrais de obrigado cumprimento baixo a efectiva sanción en caso de incumprimento) e desde a reterritorialización globalizada dos seus estados de orixe, por medio dos tratados rexionais e tratados bilaterais. Porén, os dereitos dos traballadores das multinacionais nos estados periféricos, en vez de se internacionalizaren, reterritorialízanse desde a desregulación neoliberal previa dos anos noventa e desde a debilidade tuteladora dos seus poderes xudiciais.

A contradición –ou mellor dito, confrontación– entre os emerxentes gobernos democráticos dos países periféricos opostos ao pensamento único neoliberal abre a porta a numerosos conflitos sociais e a reinterpretacións das armaduras xurídicas

⁷As reformas laborais neoliberais son unha tendencia continua nos estados desenvolvidos, aínda que a súa intensidade e os seus ritmos se atopan condicionados, sobre todo, polas presións sociais e sindicais.

neoliberais que defenden os intereses das multinacionais en contra das maiorías sociais.

Desde a perspectiva das relacións internacionais o concepto de soberanía empregouse, de acordo con Stephen Krasner, de catro formas distintas. A legal internacional, que se relaciona coas institucións e axentes formalmente independentes; a westfaliana, referida á plena autoridade sen interferencias externas e no marco de un territorio; a interna, que consiste na plena organización institucional e de competencias no interior dun estado; e a interdependente, a autoridade dun estado capaz de regular todo tipo de situacións, fluxos e mercadorías ao longo das súas fronteiras (Krasner, 2001, p. 14). Segundo este autor, uns estados poden ter un tipo de soberanía e outros, outras. Así, a pertenza á OMC erosiona a westfaliana, ou os estados fracturados poden ter recoñecida a internacional e a westfaliana e careceren do control do seu territorio, e o fenómeno da emigración cuestiona en moitos lugares a soberanía interdependente. En calquera caso, a clasificación académica permítenos comprobar como as empresas transnacionais inciden, cando menos, nas tres primeiras soberanías, malia que non dunha maneira homoxénea.

Os estados imperiais e desenvolvidos participan da soberanía internacional mediante o recoñecemento e a constitución das institucións multilaterais económico-financeiras. É certo que ese recoñecemento afecta en parte á soberanía westfaliana, en canto que, froito da cesión de competencias no ámbito formal, as interferencias externas son unha realidade; por exemplo, a OMC inmíscese no territorio dos países membros. As empresas transnacionais participan destas decisións, impulsan e inflúen para que a interferencia na soberanía westfaliana se traduza na perda de certas competencias, basicamente as reguladoras do mercado; e asemade se desregulen, pola súa presión –cando menos en parte–, os dereitos sociais e laborais, e se fortalezan aspectos autoritarios do estado. Reducir o estado de benestar en prexuízo das maiorías sociais require fortalecer o estado na súa vertente de control social. A influencia das multinacionais nesta dirección é evidente. A intensidade da perda de soberanía westfaliana e da autorregulación da soberanía interna varía segundo a proximidade dos núcleos de poder do estado desenvolvido. Non ocorre o mesmo coa soberanía interna, que se mantén formalmente vixente no que a dereitos sociais se refire. A OMC non regula nada ao respecto, mais as normas multilaterais modifícanse *de facto* mediante privatizacións e desregulacións, e as súas consecuencias repercuten sobre a cidadanía e non sobre o capital. Desvelar esta situación vai alén do xuridicamente formal e penetramos nas escuras relacións de poder.

Nos estados periféricos a perda westfaliana e de soberanía interior é moito máis nítida.

O recoñecemento e a participación nas institucións multilaterais implican a subordinación aos seus ditados. A presenza e interferencia da OMC ou das políticas do FMI e o Banco Mundial é moito máis intensa e limitadora da soberanía westfaliana que nos estados centrais. Pola súa vez, a perda de competencias relacionadas co mercado e co carácter tuitivo do estado de benestar exprésase nas receitas neoliberais e afecta a todo o aparato xurídico dos países receptores. As desregulacións, privatizacións, liberdade de mercado e reforma do estado son os instrumentos xurídico-políticos empregados. A soberanía westfaliana e interior quedan completamente limitadas. Os tratados rexionais e bilaterais de comercio e investimentos son instrumentos que cerran o círculo da perda de soberanía dos estados periféricos, mais non por causa das institucións internacionais, senón dos estados desenvolvidos e as súas empresas transnacionais. As empresas transnacionais son beneficiarias destas políticas.

Nos estados fracturados a perda de control dos territorios contrasta co seu carácter formalmente independente; porén, a súa independencia e soberanía non son funcionais. A disputa polos recursos naturais enfronta a diversas elites cos seus respectivos grupos armados vinculados, con maior ou menor intensidade, a empresas transnacionais e ao propio aparato do estado nacional. Institucionalmente son sociedades moi fráxiles e a falta de estado, a crise, e incluso a inexistencia de separación de poderes e imperio da lei, son elementos constitutivos de sociedades sen estado. Os índices dos estados falidos están constituídos pola falta de autoridades para tomar decisións colectivas, a inexistencia de servizos públicos, un mercado informal institucionalizado, a indisciplina a grande escala, a ausencia de políticas fiscais e a corrupción xeneralizada.

Os estados fracturados quedan basicamente excluídos da regulación neoliberal directa e, só se dispoñen de recursos naturais, sufrirán a intervención directa de empresas transnacionais, cuxos intereses estarán tutelados formalmente por medio de contratos de explotación.

Por último, as institucións financeiras internacionais, por medio dos seus préstamos aos poderes soberanos, representan formas directas de diminución de soberanía westfaliana e interna. Desde a segunda guerra mundial, teñen tomado a forma de contratos que son unha clara indución á limitación da soberanía mencionada. Esixen condutas específicas dirixidas non só a pactar a amortización dos créditos, senón a interferir nas políticas económicas e internas. Son numerosos os casos concretos que ilustran as políticas das institucións financeiras (Krasner, 2001, pp. 183-216). As políticas de condicionalidade e os plans de axuste son os instrumentos que tiveron un

maior e máis preciso impacto nas reformas neoliberais dos países periféricos, e que máis afectaron ás maiorías sociais.

3.3. Empresas transnacionais, pluralismo xurídico e competencias estatais

A transnacionalización dos mercados de finanzas, capitais, mercadorías e servizos require modificacións institucionais e xurídicas importantes para o asentamento dunha economía globalizada. Os principios normativos e sistemas xurídicos establecidos pola teoría liberal hexemónica están sufrindo modificacións substanciais. Así, a crise da soberanía dos estados, o monopolo estatal da violencia e a consolidación de organizacións multilaterais de comercio e as finanzas, que disputan –cando non subordinan– as decisións e o control do estado. Aspectos a que se suman a crise de principios xurídicos como o de legalidade, xerarquía normativa, seguridade xurídica, e a modificación do monismo xurídico (Mercader, 2003, p. 99).

A dimensión espazo-tempo tivo como referente nos últimos tempos o estado nación como eixe central (López Ayllón, 1999, pp. 7-21), considerando a vertente supraestatal ou transnacional e a infraestatal ou local como subordinadas ou intrascendentes. As sociedades modernas aparecen atravesadas por unha pluralidade de ordenamentos xurídicos que subtraen ao estado o monopolo normativo e desprazan o monismo xurídico cara ao pluralismo. A idea de pluralismo xurídico ten a ver con máis dun sistema xurídico que opera na mesma unidade política (Sousa Santos, 1998, p. 19)⁸, implica ordenamentos xurídicos autónomos nun mesmo espazo xeopolítico que se interrelacionan constantemente (Faria, 2001, p. 15). O pluralismo xurídico pode manifestarse, á súa vez, como a existencia de varias normas xurídicas que regulan de modo diferente unha mesma situación en vigor nun mesmo momento e sociedade. Esta idea está conectada co termo «informal», que desde a perspectiva da socioloxía xurídica se establece como todo procedemento de resolución á marxe das formas ordinarias ou extraordinarias fixadas polos ordenamentos xurídicos. Por último, encóntranse variantes externas do pluralismo xurídico dentro das unidades supranacionais vinculadas ás reestruturacións capitalistas da globalización neoliberal.

⁸A existencia de pluralismos xurídicos de ámbito infraestatal ou local con relación ás multinacionais maniféstase na colisión entre a actividade das empresas transnacionais e os dereitos das comunidades indíxenas e a normativa internacional que tutela os seus dereitos. Trátase dun conflito que adquirirá relevancia cando as lexislacións nacionais incorporen os dereitos das comunidades indíxenas ao bloque de constitucionalidade e os gobernos nacionais pasen do reconecimiento formal á eficacia normativa substancial. Só desde esta perspectiva o choque coas normas comerciais internacionais terá posibilidades de éxito.

A globalización despraza os suxeitos de produción normativa e modifica a dimensión da harmonización xurídica. Conveño con De Julios-Campuzano (2007, p. 17) en que «o sistema xurídico se converte en algo aberto, flexible e poroso cuxas normas se entrelazan sen fin con normas procedentes de distintas instancias, de modo que o sistema se expande a través dos múltiples nexos colaterais de complexas redes normativas».

En calquera caso, a consolidación do pluralismo xurídico adquire características substantivas no ámbito da globalización económica e a orde xurídica internacional (Zapatero, 2003, p. 407). Estes perfís non son alleos á conexión existente entre as formas xurídicas e as relacións de poder capitalista. O dereito como institución, basicamente ao servizo das estruturas políticas e económicas de poder, asume configuracións históricas mutables e –no caso que nos ocupa– adecuadas ás características centrais da globalización. A existencia de axentes e organizacións económico-financeiras supraestatais (as empresas transnacionais, a OMC, o FMI, o Banco Mundial e o G8) está xerando unha armazón institucional de perfís propios que emprega categorías e principios xurídicos estatais e de dereito internacional (Farias, 2001, p. 145) xunto a prácticas privadas que regulan o comercio internacional por medio dunha hiperinflación normativa difícil de coñecer e controlar, dotada de *imperium* e con plena eficacia xurídica e sancionadora, axeitada a sistemas arbitraris de resolución de conflitos (Castillo, 2001, pp. 229-241).

Ademais, os controis democráticos, a pesar de contaren con regras formalmente democráticas, atópanse sometidos aos poderes económicos e ás prácticas dos grandes bufetes de avogados que os representan. Todo iso reforza a vertente contractual e a bilateralidade por encima da xeneralidade e abstracción da lei. A fortaleza das normas xurídicas privadas de comercio contrasta cos efectos *erga omnes* que as acompañan. O binomio privatización das normas-efectos xerais sobre a poboación, neste caso mundial, disloca os núcleos centrais e garantistas do dereito.

As normas internacionais de comercio e investimento formalizadas na OMC, os tratados rexionais e bilaterais, o FMI e o Banco Mundial constitúen un dereito comercial global xerarquicamente superior aos ordenamentos nacionais, sobre todo dos estados periféricos⁹. Estas normas, xunto aos contratos de investimento das

⁹De Julios-Campuzano (2007, p. 18) recolle a clasificación de Slaughter que distingue as redes gobernamentais no seo das organizacións internacionais (os gobernos participan a través de axencias nos organismos internacionais, FMI, Banco Mundial...); as redes gobernamentais que xorden fóra de institucións internacionais formais (así, acordos do G8); e as redes gobernamentais espontáneas basicamente informais que poden desembocar en forma de acordos executivos, convenios etc.

empresas transnacionais e as prácticas privadas van formalizando de feito situacións de pseudopluralismo xurídico, máis próximo a un monismo xurídico das grandes corporacións comerciais que a outra cosa. Os estados periféricos, afastados das estruturas de poder, son a proba fidedigna da quebra da centralización normativa, xa que esta queda desprazada polas normas do dereito global do comercio. O pluralismo xurídico exprésase na debilidade normativa estatal fronte á fortaleza do dereito internacional do comercio e a fragilidade do dereito internacional dos dereitos humanos e o dereito internacional do traballo. Capella cuñou o termo «soberano privado supraestatal», que está «constituído polo poder estratéxico conxunto das grandes compañías transnacionais e, sobre todo hoxe, dos conglomerados financeiros. Impónse mediante instancias de diverso tipo: convencionais interestatais, como o G7 (conferencias do grupo dos países máis industrializados), fundamental para a regulamentación do comercio mundial; institucións como o Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional (que proceden dos acordos de Bretón Woods), a OCDE ou a OMC, e instancias privadas de creación de dereito, como as que establecen para interrelacionarse os grandes grupos económicos transnacionais» (Capella, 1999, p. 108).

As empresas transnacionais convértense en poderosísimos axentes económicos que condicionan directa ou indirectamente a produción normativa estatal e internacional, mediante acordos formais e informais na escala mundial e mecanismos específicos de resolución de conflitos, á marxe dos criterios e fundamentos dos poderes xudiciais. Doutra banda, os criterios de lexitimación, máis baseados no poder que na democracia, garántenlles a plena seguridade xurídica. Non se está cuñando un dereito universal e si un dereito global máis privado que público (Fariñas, 2005, p. 147).

A globalización consolidou un novo pluralismo xurídico (Arnau, 1998, pp. 63-66) en que os estados periféricos sucumben ao dereito corporativo global, que reaparece cun poder descoñecido na esfera xurídica internacional; un dereito máis próximo, tal e como comprobaremos, a normas privadas que a públicas. A perda do monopolio xurídico estatal non veu acompañada da superioridade normativa do dereito internacional dos dereitos humanos e do dereito internacional do traballo, nin –sequera– da súa equiparación, de xeito que estes permanecen atrincheirados nas fráxiles características do dereito internacional. Non son normas capaces de contrarrestaren o poder político e económico das empresas transnacionais. Por outra parte, os códigos de conduta das transnacionais responden a unha lóxica de voluntariedade e unilateralidade situada nos contornos do dereito, ao seren manifestacións privadas, neste caso, das obrigas referidas aos dereitos sociais das empresas transnacionais.

A transnacionalización da regulación xurídica adquire, de acordo con Sousa Santos (1998, p. 82 e ss.), perfís específicos no marco da globalización neoliberal. O mercado único, establecido polo Consenso de Washington, propicia un modelo de desenvolvemento que implica axustes estruturais e cambios xurídicos de moita intensidade para un novo réxime de acumulación capitalista. A nova arquitectura xurídico-económica implica destruír as institucións e normas anteriores. Esta destrución afecta máis aos estados periféricos, que se ven ameazados non só polos estados imperiais, senón polas novas institucións multilaterais e axentes privados, como as empresas transnacionais. As políticas de axuste estrutural implican que o estado desregule mediante unha nova re-regulación.

Desde esta perspectiva a economía imponse e o estado bascula entre a dualidade formal da súa soberanía ou as decisións realmente substantivas. Xunto ás reflexións anteriores, relacionadas coa posición dos estados na estrutura de poder, resulta conveniente contrastarmos as competencias que determinan o peso das súas economías nacionais. Neste sentido, Faria (2001, p. 22) considera competencias básicas «a dimensión do seu mercado consumidor, a capacidade de investimento dos capitais privados nacionais, o control da tecnoloxía innovadora, a especificidade das súas bases industriais, o grao de modernidade das súas infraestruturas básicas, niveis de escolaridade, políticas monetarias, fiscais, cambiarias e asistenciais...». Canto máis afastadas se atopen estas competencias da autoridade dos estados, máis próximas se sitúan das empresas transnacionais e das institucións que as sustentan. A libre competencia e a flexibilidade laboral convértense, á súa vez, en principios inherentes ás políticas sociolaborais dos estados periféricos. O estado non pode intervir na economía nin deseñar políticas públicas reequilibradoras desta.

O estado social está transformándose no que Monereo (2011, p. 125) denomina estado-mercado ou estado de competencia económica, onde a competitividade prevalece sobre o emprego. Supiot (2006, pp. 103-107) analiza un caso concreto ao respecto. Parte de como os indicadores de desemprego dos países dependen moito máis da OMC e das empresas transnacionais que das lexislacións laborais. Na década dos oitenta a avicultura intensiva¹⁰ estableceuse como un modelo intensivo dependente das transnacionais alimentarias e con baixísimos custos sociais. Xerou un alto crecemento económico inicial que, en pouco tempo, quedou supeditado a deslocalizacións das multinacionais na China, Tailandia e o Brasil, de onde

¹⁰ A avicultura intensiva implica ter vinte e cinco aves por metro cadrado, usar antibióticos na alimentación, unha forte contaminación, obter un produto de sabor insípido, o risco de enfermidades como a gripe aviar etc.

comezaron a reimportarse produtos conxelados. O efecto nos gandeiros europeos foi unha maior presión para elevar a produtividade, reducir os custos sociais e, aínda así, diminuír os beneficios. Por exemplo, a avicultura bretoa quedou esnaquizada pola importación de pezas selectas de polo conxelado de Tailandia e o Brasil. Pola súa vez, algúns países africanos protexidos polos acordos comerciais de Lomé sufriron o impacto das regras de libre comercio da OMC, pois foi eliminada toda a protección nacional. O resultado foi a importación masiva de pescozo, ás e rabadillas conxeladas, desprezadas polos consumidores do norte, o que levou a creba a industria local.

Supiot (2006, p. 107) considera que o exemplo descrito é unha «aplicación exemplar da división internacional do traballo... Invertendo os principios xurídicos establecidos no período de posguerra, estas reformas facilitaron o desenvolvemento dun dogmatismo partidario do libre mercado cuxos efectos son tan destrutivos para os traballadores autónomos ou informais como para os empregados asalariados, do norte e do sur»¹¹.

Por outra parte, o mesmo autor (Supiot, 2011, p. 65) considera que «a OMC fai desaparecer calquera xerarquía entre medios e fins. Non se prevé ningún procedemento que permitise medir a eficacia da xeneralización da libre circulación dos capitais e das mercadorías na escala mundial en función dos obxectivos de nivel de vida, taxa de emprego ou ingresos. O desmantelamento das fronteiras comerciais formúlase como un fin en si mesmo, que fai inútil calquera avaliación dos seus efectos reais. Nesta nova dogmática, a competencia converteuse na meta e os homes nun simple medio para alcanzar esta meta».

A perda de competencias ten o problema engadido de efectuarse á marxe dos espazos democráticos, mediante técnicas pouco transparentes e sen control das institucións do estado de dereito. Ademais, a construción dunha economía globalizada está propoñendo un sistema autoorganizado e autorregulado que se basea na conformación de redes formais e informais de empresas transnacionais, que poñen dificultades ao seu control por parte dos estados, fundamentalmente dos periféricos. Parece que o estado debe limitarse a coordinar, adecuar intereses e realizar axustes orzamentarios (Faria, 2001, p. 32).

¹¹ Os temas relacionados coa adaptación do sindicalismo aos novos desafíos da globalización –novas estruturas, novos espazos de intervención, universalización dos dereitos laborais e sociais, novas formas de acción sindical global etc. – son tratados por Valenciano (2012).

4. A crise financeira e os sistemas de regulación na Unión Europea

A crise económica e financeira viuse incrementada pola crise xurídica no marco da Unión Europea (UE); esta converteuse nun campo máis de experimentación onde quebrar o estado social de dereito e, o que é máis grave, erosionar a arquitectura xurídica internacional dos dereitos humanos e dos seus núcleos de imputación.

A teoría instrumentalista entende que o estado e o dereito son mecanismos das clases dominantes para disciplinar a sociedade. Xa Engels admitiu que descoidara o lado formal dos procesos económicos e, malia que eran a contradición esencial, recoñeceu unha relativa autonomía dos elementos superestruturais (Hobsbawm, 2011, p. 60). As institucións políticas e xurídicas dispoñen dunhas dinámicas e unha autonomía propias que as transforman en categorías específicas; superan a simple cualificación de instrumentos ao servizo do capital.

De aí que a visión instrumental fose evolucionando cara a unha visión máis complexa do estado de dereito. Este «ten que posuír un ámbito real de autonomía que lle permita presentarse e actuar como unha instancia mediadora e neutral a respecto dos conflitos xurdidos na sociedade civil, e en particular na esfera das relacións económicas» (Monereo, 2011, p. 122). As normas xurídicas basculan entre a reprodución do capital e da súa acumulación, dun lado; e, do outro, a reprodución das forzas de traballo e a tutela dos dereitos sociais e as políticas públicas. É dicir, o estado de dereito debe sustentar un espazo de autonomía funcional que representa o seu equilibrio entre instancias de control e de dominación, e instancias de integración, a través de políticas sociais e o dereito social. Falamos dunha autonomía funcional que sucumbe ante o sistema económico capitalista.

Alegre Zahonero e Fernández Liria (2009) consideran que «baixo condicións capitalistas, a defensa do dereito puro pode implicar en realidade, unha defensa da barbarie. Certamente, isto explica en gran medida a profunda desconfianza que sentiu a tradición marxista cara ao dereito, pois, certamente, abonda en ocasións con observar cales son os maiores defensores da pureza do dereito para sospeitar que os seus efectos serían devastadores. Con todo, esta desconfianza é, desde o noso punto de vista, resultado dun certo erro, pois o problema non radica tanto no dereito (cuxo carácter irrenunciable nos amosan de forma incontrovertible os grandes autores da Ilustración), senón, precisamente, nas condicións capitalistas de produción». Desde esta perspectiva, Alba Rico (2011) denominou «armadura institucional» o estado de dereito, a separación de poderes, as garantías procesuais... que son conquistas que as clases dominantes tiveron que aceptar. Nas súas palabras (Alba Rico, 2011, p. 3):

«A forma de estado de dereito, progreso da razón sen precedentes, garante ao mesmo tempo as condicións institucionais necesarias para o exercicio da democracia e para a evitación da demagogia. O capitalismo irreformable, en permanente revolución, debe dar paso a un sistema en que, por fin, todas estas boas ideas poidan funcionar realmente, sen ser secuestradas ou manipuladas ou inhabilitadas desde o exterior, e ademais ser reformadas cando así convir».

Na mesma dirección, Asens e Pisarello (2011a, p. 16) afirman que:

«(...) no nome da lei reprimiuse e torturouse, asentáronse privilexios e condenouse á fame e a miseria. Pero esta arbitrariedade disfrazada de legalidade sempre atopou unha Antígona disposta a desenmascarala en nome do dereito e a razón».

O Informe do Foro sobre Riscos Globais, presentado ante o Foro Económico de Davos, detectou cincuenta riscos globais agrupados en cinco bloques: económicos, xeopolíticos, ambientais, sociais e tecnolóxicos, en que destaca o fracaso na gobernación global. O informe subliña a aparición dunha nova clase de estados criticamente fráxiles, países que foron ricos e que son vítimas da ausencia da lei. Pastor (2012) entende que «a receita do “shock sen terapia”, baseada en máis neoliberalismo, serve sen dúbida aos intereses desa fracción hexemónica do capitalismo financiarizado, mais o prezo que se está a pagar por iso é a entrada dun “decrecemento caótico” (como xa predixo Ramón Fernández Durán), e, sobre todo, é unha crise de lexitimidade de moitos estados que até agora lograran conciliar as necesidades de reprodución do capital co logro dunha paz social».

A crise sistémica actual ratifícanos na tese da reinterpretación –desde as relacións de poder– do papel do dereito e dos seus núcleos de imputación como instancias máis de dominación que de integración. Así, a crise de lexitimidade democrática das institucións europeas consolidouse no momento en que se decidiu construír ao ditado das corporacións transnacionais, en que a soberanía popular quedou acantoadada. Para alén disto, á crise democrática dos parlamentos nacionais, froito da cooptación polo capital da democracia representativa e dos procedementos electorais e parlamentarios, súmase a cesión lexislativa a institucións dubidosamente democráticas. Por outra parte, a ratificación dos acordos da OMC, a aprobación dos plans estruturais e políticas de condicionalidade das institucións financeiras e a ratificación dos tratados constitutivos da UE e de moitos dos seus regulamentos rabenaron ás cámaras lexislativas nacionais importantes competencias. No entanto, o control democrático de decisións transcendentais que afectan ás maiorías sociais esvaécese no marco de institucións globais e de normas e procedementos xurídicos do dereito corporativo global.

4.1. Crise económica e asimetría normativa

O Acta única europea institucionalizou nos oitenta o mercado único e a libre circulación de capitais, servizos e mercadorías; prohibiu calquera axuda que impedise a libre competencia e preparou o terreo para a privatización e mercantilización dos servizos públicos. Co Tratado de Maastricht a supresión do déficit público e a contención da inflación convertéronse en principios xurídico-económicos situados no vértice da pirámide normativa; principios controlados polas instancias tecnocráticas europeas, tal e como estableceu o Pacto de estabilidade e crecemento no ano 1997. Ademais, o Tratado de Lisboa blindou xuridicamente a libre competencia e a libre circulación de capitais e servizos, a redución do gasto social, as desregulacións e o freo ás políticas públicas.

A UE comezou a súa andadura baixo as directrices dos estados, posteriormente do mercado e a raíz da década dos noventa foi o modelo neoliberal o que se impuxo. A recente crise económica confirmou e expandiu as tendencias presentes ao longo da construción europea. A liberdade de movementos de capitais e mercadorías, o mercado e a moeda única son os principios económicos que articularon a institucionalidade e as normas xurídicas comunitarias (Albarracín, 2011); doutra banda, os contrapesos foron mínimos e continuamente reinterpretados. Os dereitos sociais, a Europa da igualdade e da solidariedade, quedaron secuestrados no ámbito do declarativo, fronte ao carácter imperativo das normas que tutelan o capital.

A crise económica, ou mellor sistémica, materializouse con toda a súa crueza como froito dun «investimento moi atractivo e rendible, miles de produtos financeiros derivados de contratos hipotecarios que, cando a economía comezou a virse abaixo, resultaron ser en realidade simple lixo financeiro que fixo quebrar os bancos e os investidores que os adquiriran. (...) Cando iso ocorreu, os bancos deixaron de conceder créditos e enseguida as empresas e os consumidores que dependen dese financiamento non puideron seguir producindo ou comprando, o que provocou unha gran caída da actividade económica e o aumento do paro, o cal chegou a ser cualificado como a Gran Recesión» (Navarro, Torres e Garzón, 2011, pp. 17-18). En realidade, como afirma Husson (2011, p. 5):

«O capitalismo reproduciuse durante os dous decenios que precederon a crise acumulando unha montaña de débedas. Para evitar o afundimento do sistema, os estados asumiron o esencial destas débedas que de privadas pasaron a ser públicas. O seu proxecto é de agora en diante presentar a factura aos cidadáns baixo forma de recortes orzamentarios, de aumento dos impostos máis inxustos e de conxelación dos salarios».

Ramonet (2011) xulga que en Europa se deron golpes de estado financeiros. Os bancos de investimento, compañías de seguros, fondos de pensións e fondos especulativos (*hedge funds*) son os que constitúen o mercado; a esfera financeira move ao ano capitais por valor de tres mil catrocentos cincuenta billóns de euros, fronte á economía produtiva, que o fai en corenta e cinco billóns. As economías nacionais non poden resistir o ataque dos mercados, menos aínda tendo en conta que son os propios bancos europeos os que especulan coas débedas soberanas. É un bucle infernal que se pecha coas medidas de austeridade e os axustes decretados polos gobernos europeos para calmar os seus propios bancos. Nada que ver co imperio da lei e o estado de dereito.

En Grecia, as medidas impostas nos rescates pola *troika* (FMI, Banco Central e Comisión Europea), están convertendo o país nun banco de probas das políticas neoliberais máis extremas, xa que se desexa transformar o país nunha área económica privilexiada para os investidores. Non obstante, os sectores máis agresivos do capital grego –banca, construción, navieiras, industria e enerxía– apoian abertamente as medidas mencionadas. A alianza contra as maiorías sociais é un feito; o obxectivo é conseguir un cambio social que sitúe os salarios e as condicións laborais nos anos sesenta. Como afirman Toussaint e Viven (2011):

«Estes acordos, que xeran novas débedas e que impoñen ás poboacións unhas medidas de austeridade sen precedentes, poden ser cuestionados cos fundamentos do dereito internacional. Como subliña a doutrina da débeda odiosa, as débedas de estado deben ser contraídas e os fondos que proveñen delas usados para as necesidades e nos intereses do estado. E, por suposto, os créditos da troika son condicionados a medidas de austeridade que violan o dereito internacional impedindo que estes estados saian da crise».

Parece que as palabras de Thomas Jefferson, terceiro presidente dos Estados Unidos, escribiu en 1802, recuperan plena actualidade:

«Penso que as entidades bancarias son máis perigosas para as nosas liberdades que os exércitos permanentes. Se o pobo estadounidense permite un día que os bancos privados controlen a súa moeda, estes, e todas as empresas e bancos que florecerán arredor deles, privarán os cidadáns de todo o que lles pertence. Primeiro con inflación, e máis tarde coa recesión, até o día en que os seus fillos esperten sen casa e sen teito, sobre a terra que os seus pais conquistaron».

Trátase dunhas palabras cuxa tradución política actual implica que as clases dominantes controlan as institucións financeiras e secuestran as prácticas das institucións democráticas. A crise económica puxo sobre a mesa con total claridade como o poder económico domina o poder político, e como a arquitectura xurídico-institucional se reinterpreta a favor das clases dominantes. O pacto capital-traballo

rompeu e a crise dos dereitos sociais, económicos e culturais, xunto coa quebra das políticas públicas, permítenos afirmar que as novas xeracións se enfrontan a peores condicións de vida que as anteriores (Rousset, 2011).

Desde unha perspectiva normativa, o capital conseguiu dos distintos estados e institucións globais reformas dirixidas a garantir a liberdade absoluta de capitais e converter en principio xurídico universal a suposta estabilidade financeira; a xerarquía normativa internacional dislócase ao situar os dereitos do capital por encima do dereito internacional dos dereitos humanos e dos principios constitucionais.

Así, os dirixentes europeos adoptaron o 30 de xaneiro de 2012 un acordo que impón sancións automáticas aos países que superen o déficit público, baixo a supervisión do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE); porén, o texto adoptado para reactivar a economía e xerar emprego queda nunha simple declaración de intencións, xa que non menciona ningunha cifra nin establece estímulos orzamentarios ou variacións substanciais na política do Banco Central Europeo. Así mesmo, o 29 de febreiro de 2012 repartíronse máis de cincocentos vinte e nove mil millóns de euros entre oitocentos bancos, a un tipo de interese ao 1% e a tres anos de prazo. Unha vez máis, dáse por feito que a maior parte dese diñeiro estará destinado a sanear os balances das entidades receptoras; destínanse inxentes cantidades de diñeiro para rescatar os países afectados pola crise da débeda, financiando a un baixo custo os bancos para que poidan comprar esa mesma débeda a un interese moito máis alto. Desde unha perspectiva normativa, as relacións de poder e a perversión do principio de igualdade pasan a forman parte do contido esencial das normas xurídicas.

Os principios que sustentan estrutura xurídica e institucional da UE basculan, máis alá dos defensores dunha UE claramente neoliberal, entre os que entenden que nos anos noventa «Europa non era desenfreadamente liberal (...), [pois] tense en conta unha dimensión social supranacional que interactúa cos marcos estatais de relacións laborais» (Baylos, 2011, p. 112); e os que consideran que o modelo europeo, con distintas intensidades segundo as épocas e as correlacións de forza, xurdiu dunhas elites empresariais e financeiras que pretendían obter un mercado único cunha moeda común (Navarro, Torres e Garzón, 2011, pp. 171-189).

En Maastricht non se regularon mecanismos de cohesión fiscal e social, nin tampouco o control e seguimento da débeda privada dos países; é certo que se regularon os comités de empresas europeos e se abriron espazos á negociación colectiva e ao sindicalismo europeo, mais a asimetría de intereses reflectiuse no caudal lexislativo aprobado na súa evolución normativa. En calquera caso, si existe certo acordo ao

abordar a fase actual iniciada coa guerra de Iraq e a ampliación europea. Moitas das medidas xurídico-económicas son froito de acordos e o consenso entre países ricos e elites dominantes.

A Carta de dereitos fundamentais, adoptada e promulgada polos presidentes da Comisión Europea, do Parlamento Europeo e do Consello no ano 2000, incorpórase ao Tratado da Unión. Enuméranse cincuenta dereitos relacionados coa dignidade, liberdade, igualdade e solidariedade. Son principios acordos coa normativa do dereito internacional dos dereitos humanos, mais o seu carácter vinculante queda esvaecido fronte aos dereitos do capital; a súa proximidade á razón moral afástaos da eficacia xurídica. Porén, o control normativo sobre o sector financeiro continúa a ser moi feble: as burbullas especulativas seguen tolerándose; os paraísos fiscais continúan legalizados; a transparencia das prácticas financeiras é case nula; especúlase coa débeda soberana; o branqueo de diñeiro é unha práctica tolerada; non se controla o movemento de capitais; seguen sendo legais os chamados «derivados de incumprimento crediticio»; non se controlan os *hedge funds* nin se procede a separar a banca comercial da financeira, nin se aproban taxas ao movemento de capitais; non se prohiben as elevadísimas retribucións dos altos directivos das entidades financeiras etc. Ademais, a política fiscal comunitaria, os dereitos sociais e económicos, as prácticas ilegais das empresas europeas dentro e fóra do territorio comunitario etc. son exemplos máis que evidentes da asimetría normativa, da correlación de forzas no actual marco de loita de clases.

A nova legalidade internacional e comunitaria sustentada en leis, regulamentos e sentenzas está dando lugar a unha constitución global que apuntala o poder das clases dominantes e que actúa ameazando os procedementos que tutelan os dereitos sociais nos marcos constitucionais. En Grecia, a *troika* (Comisión, FMI e Banco Central) establece mecanismos de supervisión en todos os ministerios do Goberno grego, o que implica medidas neocoloniais que rabenan a soberanía nacional. Sortiris (2012) entende que:

«(...) a UE está a converterse, a pasos axigantados, na institución máis reaccionaria e antidemocrática desde a época do nazismo. Non é suficiente falar de déficit democrático. Estamos enfrontados a un agresivo intento de impoñer condicións antidemocráticas que restrinxen a soberanía e o control democrático. E deixan pouco ou ningún espazo para o debate e a confrontación sobre as opcións políticas, xa que estas son ditadas polos mercados a través dos mecanismos supervisores da UE».

4.2. Crise, Unión Europea e quebra do estado social de dereito. O golpe de estado das elites económico-financeiras e políticas

Os feitos expostos amósannos que o estado de dereito, o imperio da lei, queda reinterpretado a favor do capital, xa que os seus dereitos se tutelan de maneira coercitiva e globalizada –regúlanse os seus dereitos e desregúlanse as súas obrigas–, de tal forma que as súas obrigas se ven esvaecidas no marco da estabilidade económica. Vexamos algúns exemplos.

– Na UE o caudal normativo sobre investimentos e comercio, a liberdade de capitais e mercadorías é moi superior ao existente no ámbito do dereito do traballo comunitario. Ademais, desde a crise financeira o cúmulo de tratados e pactos a prol do capital é moi superior ás regulacións que poidan tutelar as maiorías sociais. En xuño de 2010 aprobouse o Pacto de reforma estrutural para neutralizar as rixideces dos mercados de traballo; en marzo de 2011 o Pacto do euro *plus*; en decembro de 2011 o Pacto de estabilidade e crecemento reforzado –cinco regulamentos e unha directiva cuxa función é ampliar a capacidade sancionadora das instancias europeas–; e en xullo de 2012 entrou en vigor o Mecanismo europeo de estabilidade económica. A Europa social é moi deficitaria a respecto da Europa do capital. A asimetría é notoria. En palabras de Habermas (2012, p. 105):

«O curso posterior da crise puxo en evidencia o defecto na construción europea: cada país reacciona con medidas político-económicas propias. Debido a que as competencias na Unión, dito en poucas palabras, se reparten de tal maneira que son Bruxelas e o Tribunal de Xustiza Europeo os que impoñen as liberdades económicas, mentres que os custos externos derivados delas se trasladan aos países membros, non existe hoxe unha formación común da vontade político-económica».

– A protección dos dereitos sociais e económicos no marco da UE é moi fráxil fronte aos mecanismos previstos para garantir a disciplina fiscal a favor das clases dominantes. O Tratado sobre a estabilidade, a coordinación e a gobernanza establece que calquera país que ratifícase o tratado poderá levar outro país asinante que incumpra o pacto ante o TXUE; este poderá sancionar o país infractor cunha multa equivalente ao 0,1% do PIB. En setembro de 2011 a Comisión Europea aprobou seis regulacións no marco do Pacto de estabilidade e crecemento dirixidas a endurecer as sancións aos países que incumpran os obxectivos e recomendacións do Procedemento de déficit excesivo. Igualmente, as iniciativas creadas para promover a competitividade reducindo os custos salariais –o Semestre europeo, o Pacto euro *plus* e o Procedemento de desequilibrios macroeconómicos– permiten sancionar os países que non cumpran os obxectivos marcados nas reformas estruturais (Ramírez, 2012, pp. 5-16).

– O acordo alcanzado pola presidencia irlandesa da UE e o Parlamento Europeo o 14 de marzo de 2013 outorga máis poderes á Comisión Europea para vixiar os presupostos nacionais dos estados membros, e incluso permite solicitar cambios se detecta desviacións importantes a respecto dos obxectivos de axuste fiscal de cada país; obriga a todos os estados membros a presentar a Bruxelas, como moi tarde o 15 de outubro de cada ano, un proxecto de plan orzamentario para o exercicio seguinte. É unha normativa imperativa e profundamente intervencionista que tutela o capital, por outro lado, manifestamente asimétrica a respecto dos dereitos humanos, sociais e culturais da cidadanía da UE.

– A Directiva 2009/14/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo, que regula os fondos de garantía de depósitos até cen mil euros, foi de facto modificada o 16 de marzo de 2013 polos ministros de Economía da Eurozona ao impoñer unha confiscación –non un imposto– aos depositantes bancarios de Chipre, o que implica unha ruptura co ordenamento europeo¹². A Comisión xustificou tal medida en entender que a directiva unicamente entra en vigor en casos de quebra, interpretación *contra legem*, xa que nin un só dos seus dezaseis artigos menciona a devandita cuestión (Vidal-Folch, 2013)¹³. Vulnérase o paralelismo nas formas, a xerarquía normativa e a separación de poderes, e, sobre todo, empobrécese a poboación, á cal se responsabiliza da usura do capital.

– No marco das relacións laborais, o debate sobre a Directiva Bolkestein e a liberdade de prestacións, o Libro Verde sobre a modernización do dereito do traballo, a flexiseguridade, a directiva do tempo de traballo e as sucesivas sentenzas do TXUE amósannos a deriva neoliberal (Baylos, 2011, pp. 112-113). De por parte, o que o sindicalismo consegue frear, por exemplo a directiva Bolkestein a favor da liberdade de prestación de servizos, o TXUE reinterpretao e impoñe –sentenzas Laval e Viking– a favor da liberdade do mercado, xa que limita a acción dos sindicatos e as garantías legais das condicións de traballo. O proxecto de regulamento Monti II da Comisión faise eco das sentenzas mencionadas e establece a subordinación dos dereitos sociais

¹² A medida descrita non entrou formalmente en vigor; no entanto, os seus efectos foron desestabilizadores e unha expresión da fragilidade dos procedementos e das garantías normativas.

¹³ Segundo Husson (2013): «o plan inicial prevía unha axuda de 10 000 millóns de euros, condicionada á recadación de 5800 millóns con cargo aos depósitos bancarios de acordo coa seguinte repartición: 2000 millóns con cargo aos depósitos de menos de 100 000 euros e 3800 millóns [con cargo] aos que superan esa cifra. Os seus efectos terían sido catastróficos, cunha enorme diminución do poder adquisitivo, mais o simple anuncio da medida abundou para provocar un pánico bancario e un pulso entre Rusia e a Unión Europea. A presión popular conduciu felizmente ao rexeitamento do plan, mais o mal xa está feito e as consecuencias son difíciles de prever: non cabe descartar unha repercusión sobre a situación grega, e mesmo española, pois a partir de agora a expropiación parcial dos depósitos bancarios entra dentro do ámbito do posible».

–a negociación colectiva e o dereito de folga– á liberdade económica e de empresa. Trátase dun proxecto que colide frontalmente contra o dereito internacional dos dereitos humanos, a Convención europea dos dereitos humanos, a Carta social europea e diversos convenios da OIT.

– No asunto Laval, o conflito xurdiu desde o momento en que a empresa letoa pretende desenvolver a súa actividade con traballadores letóns sen aceptar as condicións de traballo do país receptor, Suecia. Malia existir negociacións co sindicato local, rompéronse e iniciáronse medidas de conflito colectivo baixo a forma dun bloqueo que impediu á empresa letoa levar a cabo a súa actividade. A sentenza do TXUE entendeu que unha medida de conflito colectivo non pode restrinxir a libre circulación de traballadores se non está xustificada polo interese xeral da protección dos traballadores; é dicir, a folga debe conciliarse coas liberdades económicas comunitarias, ás cales se lles atribúe o mesmo estatus. Neste caso a empresa Laval, co apoio do TXUE, reinterpreta as normas provocando contradicións que só desde as relacións de forza poden aceptarse. Apoiándose na libre prestación de servizos e na regulación de traballadores desprazados, pretende desvincularse da lexislación nacional de recepción (o ordenamento sueco) e aplicar a lexislación do país de orixe, Letonia, máis favorable aos seus intereses.

– Traballadores procedentes de Romanía e Bulgaria traballan en Alemaña por menos de cinco euros á hora máis de dez horas ao día, sen seguridade social nin outro seguro médico. As empresas do sector cárnico consideran que as súas prácticas se axustan ás directivas europeas que permiten a nacionais do leste traballar en Alemaña como traballadores desprazados con carácter provisional. Todo o contrario que, por exemplo, Repsol en Colombia, que esixe a vinculación nacional do país de recepción no referente ás súas condicións laborais –moito máis favorables aos seus intereses– fronte a calquera intento de reclamar a normativa do país de orixe da empresa matriz, neste caso España. A asimetría entre dereitos e obrigas do capital é fidedigna (Hernández Zubizarreta, 2009, p. 301).

– Como afirma Supiot (2011, pp. 66-67), «no terreo dos intercambios económicos, o que se invoca son as liberdades asociadas ao libre comercio (liberdade de establecemento, de prestación de servizos e de circulación de capitais e mercadorías) para permitir que os investidores e as empresas se subtraian ás leis dos países onde operan e elixan outras que lles sexan máis proveitosas». En Europa, o TXUE ratificou a tese enunciada. En palabras de Supiot (2011, p. 67), atopámonos ante «un mercado de produtos legislativos aberto á elección dos individuos de situarse baixo a lei que lles resulte máis favorable».

– As empresas transnacionais europeas operan dentro dunha arquitectura xurídica que choca cos dereitos humanos; documentos como a Comunicación da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións do 4 de outubro de 2006 «Unha Europa global: competir no mundo» – final– e os acordos de comercio e investimentos son expresións normativas da asimetría. Falamos de políticas que sitúan no vértice da pirámide normativa os dereitos das empresas transnacionais europeas fronte ao dereito internacional dos dereitos humanos (Hernández Zubizarreta, 2009; Teitelbaum 2010).

– A UE ten asinados mil trescentos tratados bilaterais de investimentos, equivalentes a un 46% do total dos acordos no mundo. Parten da idea neoliberal de que o investimento exterior directo é unha condición para o desenvolvemento. Os dereitos das corporacións aparecen xuridicamente moi protexidos: a existencia de tribunais arbitrais e a ausencia de riscos son principios imperativos. Por outro lado, as súas obrigas remítense a ordenamentos nacionais sometidos á lóxica neoliberal e a un dereito internacional dos dereitos humanos manifestamente feble. Nos contornos das realidades xurídicas mencionadas, xorden a responsabilidade social corporativa e os códigos de conduta voluntarios, unilaterais e sen esixibilidade xurídica. O dereito brando, a *soft law*.

A tese vese ratificada por Olivier de Schutter, relator especial nomeado pola ONU sobre o dereito á alimentación, que entende que os acordos bilaterais de comercio e investimento constitúen a fórmula que usa o capital para penetrar na economía dos países. Considera que os gobernos dos estados soberanos deben someter calquera tipo de acordo ao que chamariamos a proba dos dereitos humanos, isto é, unha avaliación de impacto nos dereitos humanos a través da cal os devanditos gobernos renderían contas das súas obrigas ante a cidadanía.

– Nos acordos internacionais de asociación, de cooperación ao desenvolvemento e de cooperación económica e comercial da UE esíxese o respecto aos dereitos e liberdades fundamentais aos terceiros países. «Trátase da aplicación ás relacións exteriores da UE dunha política de condicionalidade» (Millán, 2011, p 222). Son as denominadas cláusulas democráticas de condicionalidade (art. 208 do TFUE; arts. 6 e 21 do TUE; Regulamento do Consello do 27 de xuño de 2005, e Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello do 15 de decembro de 2004). Unha vez máis, a asimetría xurídica toma expresión normativa; son cláusulas declarativas subordinadas aos principios e contidos materiais das normas de comercio e investimentos –trato nacional, nación máis favorecida etc.–; para alén, esíxeselles a terceiros países o que non se lles esixe ás empresas transnacionais europeas, o respecto aos dereitos humanos.

– O dereito da competencia europeo é reinterpretado para poder xustificar a inmensa contía económica destinada polos estados a salvar a banca privada; desnaturalízase o excepcional transformándoo en regra. Malaret (2011, p. 86) entende que «na situación de crise financeira e de crise económica, os criterios e os instrumentos deben adaptarse ás necesidades para que o dereito poida continuar cumprindo a súa función orixinaria... Iso comporta un reexame, unha adecuación das políticas á excepcionalidade da situación». Tese ratificada no artigo 107.3.b) do TFUE, que permite que a Comisión poida aprobar axudas estatais destinadas a poñer remedio a unha grave perturbación da economía dun estado membro.

A directora xeral adxunta da Dirección Xeral da Competencia da Comisión Europea, Nadia Calviño (2009), entende que o conxunto das comunicacións aprobadas pola Comisión foron fundamentais para proporcionar un marco claro de actuación para os rescates. Puxéronse as bases para reestruturar os bancos e para dar unha saída coherente á crise. Equipárase saír da crise con rescatar os bancos, ademais, con fondos públicos. A asimetría e a reinterpretación normativa a prol do capital son evidentes, tal e como o ex presidente do Goberno español Felipe González afirma:

«Todas as regras dos tratados que prohiben as axudas públicas se incumpriron despois da quebra de Lehman Brothers, con operacións de rescate nacionais dos bancos propios. Todas as dificultades que tivemos nós despois non se tiveron en conta cando de Gordon Brown a Merkel, pasando por Sarkozy, inxectaron diñeiro e reestruturaron a parte do sistema que producía riscos sistémicos. Isto non estaba previsto, ao contrario, estaba prohibido na normativa europea».

– A devandita reinterpretación non é tolerada cando gobernos como o de Evo Morales modifican os contratos de explotación das empresas transnacionais estranxeiras, cando gobernos como o arxentino expropia a Repsol, á calor das normas constitucionais e internacionais. Por que non se reexamina a aplicación dos dereitos fundamentais regulados nos tratados e constitucións europeos e se garanten os dereitos sociais que forman parte dos núcleos esenciais da dignidade das persoas? Non é un problema de técnica xurídica nin de respecto ás leis, é un problema de relacións de poder.

– Os principios da economía de mercado e da libre empresa susténtanse na asunción de riscos por parte dos investidores e na escasa intervención do estado nas cuestións económicas; principios esenciais do capitalismo que se reinterpretan dunha forma unilateral a favor do capital. Así, Reich (2012) entende que:

«(...) canto máis alto sobes na economía, máis doado é facer diñeiro sen tomar ningún risco financeiro, ningún risco persoal. Canto máis baixo fores, maiores serán os riscos. Wall Street converteuse no centro da libre empresa sen riscos. Os banqueiros arriscan o diñeiro doutras persoas. Se os negocios van mal, reciben os seus honorarios de todos os modos. A industria dos hedge funds está deseñada para cazar apostas de modo que os grandes investidores poidan facer diñeiro se o prezo dos bens polos que apostan sobe ou cae. E se sucede o peor, os banqueiros e investidores máis grandes saben que serán rescatados polos contribuíntes porque son moi grandes para quebrar».

Esta reinterpretación contrasta co principio de austeridade esixido ao conxunto da poboación. Ademais, os bancos son rescatados con diñeiro público, cerran o crédito á economía produtiva e especulan coa débeda pública.

– A terceira reforma financeira española aprobada no Consello de Ministros do 3 de febreiro de 2012 esixe a bancos e caixas un saneamento de máis de cincuenta mil millóns de euros. Na reforma mencionada achéganse seis mil millóns para reforzar o fondo de rescate (FROB). O Goberno pretende que as entidades destinen os seus beneficios para materializar o saneamento, mais os seis mil millóns saen do Tesouro Público, cifra que se suma aos dezasete mil seiscentos dezaseis entregados polo Estado, dos cales dez mil sesenta e cinco millóns se concederon en forma de préstamos, o resto a cambio de accións de difícil materialización económica, tal e como afirma Medialdea (2012):

«A banca emprega un diñeiro público que se lle regalou ou prestou a un tipo de interese moi reducido en comprar os títulos de débeda que o Estado ten que emitir para, en gran medida, financiar esas operacións de rescate. O diferencial de intereses é moi substancial, tendo en conta que a débeda pública se coloca con tipos que oscilan entre o 4% e o 6,5%, no mellor dos casos. Para a banca a operación é redonda...».

– A capitalización de Bankia supuxo máis de vinte e sete mil millóns de euros, o que implica máis do dobre dos axustes en educación e sanidade. O rescate do sector financeiro español artículase sobre a seguinte premisa: os bancos necesitan o auxilio do poder público que os rescata, o que implica endebedarse e entrar na espiral especulativa até o seu pedimento de rescate, dun rescate brando ao sector financeiro a un duro de todo o Estado. Ademais, os principais prestamistas da débeda pública son os seus propios bancos. Non se esixen responsabilidades aos principais causantes da crise, o único que se pretende é sanear os balances das entidades financeiras. Por outra parte, non existe ningunha obriga xurídica que afecte aos bancos con relación á concesión de crédito ao sector produtivo; régulanse con precisión os dereitos do capital e esvaécense as súas obrigas (Torres e Garzón, 2012).

- A asimetría normativa e as relacións de poder maniféstanse nitidamente na reforma laboral española aprobada polo Real decreto lei 3/2012, fronte á protección do capital recollida no oitavo informe do Observatorio de Responsabilidade Social (2012). A reforma mencionada responde a unha profunda desregulación das relacións laborais e un rexeitamento da acción sindical, fiel reflexo dun dos principios do Consenso de Washington, hoxe chamado Consenso de Bruxelas-París-Berlín. Como afirma Baylos (2012), as vías máis destacadas da reforma son «o encubrimento da decisión unilateral do empresario como fonte principal de determinación de regras sobre o traballo en substitución da negociación colectiva, o disciplinamento dos traballadores á volta dun despedimento barato e sempre definitivo e uns contratos con salarios cada vez máis reducidos e períodos de proba longuísimos, a funcionalización dos acordos colectivos á decisión empresarial, e unha fortísima redución do contido laboral do dereito ao traballo tal e como se desprende do seu recoñecemento constitucional».
- Se os ordenamentos xurídicos laborais naceron para xuridificar o conflito capital-traballo e para actuar como contrapesos do poder empresarial, a reforma recolle modificacións substanciais da norma laboral, fiel reflexo da ofensiva do capital. As tendencias descritas –regras xeneralizadas ao longo da UE– rompen a estabilidade normativa e reinterpretan a seguridade xurídica a favor da clase empresarial. Como afirma Beck (2012), «o que priva da súa lexitimidade ao capitalismo tecnoloxicamente avanzado non é que derrube barreiras nacionais e produza cada vez máis con menos man de obra, senón que bloquee as iniciativas políticas conducentes á conclusión dun pacto para a formación dun novo modelo social europeo».
- Fronte a modificacións tan transcendentais, o Informe do Observatorio de Responsabilidade Social de 2012 recolle que trinta das trinta e cinco compañías do Ibex 35 posúen empresas participativas en paraísos fiscais, isto sen contar as SICAV, verdadeiros paraísos fiscais legais en España. Así mesmo, o 85% das empresas analizadas declaran posuír cláusulas de blindaxe para membros dos seus órganos executivos e de administración, o que beneficia a douscentos cincuenta e un membros de alta dirección que cobran unha retribución media de setecentos cincuenta e catro mil euros. Ademais, ningunha empresa achega información sobre impostos e subvencións de todos os territorios en que operan, mentres as informacións sobre impactos ambientais e sobre os dereitos humanos son xenéricas e incompletas. Como é posible que a primeira entidade financeira española, que tivo de xaneiro a setembro de 2011 un beneficio de cinco mil trescentos tres millóns de euros, o que supuxo un descenso do 13%, poida despedir unilateralmente os seus traballadores alegando unha diminución persistente dos seus ingresos e vendas?

– A esixencia do BCE para que os orzamentos xerais do Estado español presentados o 30 de marzo de 2012 se tramiten con lexislacións de urxencia –para aplicar de maneira inmediata os recortes previstos– consolida a pulverización do dereito lexislativo. Tajadura (2012) afirma que «para decretar o estado de excepción político e económico –isto é a intervención– abonda con que o Banco Central deixe de comprar débeda no mercado secundario ou deixe de inxectar liquidez no sistema bancario. Isto confirma que Mario Draghi, por ser quen pode decidir o estado de excepción, é realmente o titular dun poder soberano».

– En 2010 os gobernos europeos aprobaron unha nova institución, o Fondo Europeo de Estabilidade Financeira, para o rescate de gobernos como o grego. Entre tanto, o Tratado de Lisboa prohibe expresamente no art. 125 que a UE ou calquera dos países membros respondan dos compromisos financeiros doutros estados. As construcións xurídicas xerais necesitan apoios legais que esta institución non ten, é máis, as excepcións do artigo 122.2 non se axustan aos criterios mencionados. Presenta unha dubidosa legalidade. A coherencia formal do dereito pode ser reinterpretada con base na urxencia e a necesidade, mais esixe reformas axustadas ao principio de soberanía popular e de tutela das maiorías sociais. En calquera caso, a institución aprobada créase á marxe da letra dos tratados europeos, feito que se nega ante toda reivindicación popular que non se axuste á letra deles (Lordon, 2011, pp. 1-5). Por que o dereito á vivenda é un dereito, no mellor dos casos, de mera expectativa, segundo a letra da lei? A cidadanía non considera de urxente necesidade que todo ser humano poida vivir dignamente, máis alá da letra das normas comunitarias? As clases dominantes e os gobernos cómplices reinterpretan os textos normativos e instrumentalízanos a prol dos seus intereses.

– O Tratado de estabilidade, coordinación e gobernanza da Unión Económica e Monetaria e o Mecanismo europeo de estabilidade –ratificados en febreiro e marzo de 2012 respectivamente– implican un verdadeiro golpe de estado. Jennar (2012) entende que eses dous textos «marcan unha etapa decisiva no desmantelamento das institucións democráticas e o desmantelamento dos modelos sociais europeos». Actúan como vasos comunicantes, xa que, por un lado, elevan á cúspide da pirámide normativa comunitaria o déficit público e a débeda pública –e, por tanto, a xeneralización das medidas de axuste en contra das maiorías sociais–; e, polo outro, establécese unha intervención técnica das instancias comunitarias á marxe dos parlamentos nacionais e europeo. O debate parlamentario e a deliberación quedan subordinados a regras ríxidas e automáticas establecidas no deseño das políticas orzamentarias. O rescate á banca española é un exemplo do que os tratados mencionados pretenden xeneralizar: o *Memorandum of Understanding* establece no

seu art. 29 e seguintes o control, as visitas e a inspección da *troika*, xunto ao carácter vinculante das medidas de axuste que o Goberno español deberá ir adoptando. Medidas anunciadas no Plan orzamentario 2013-2014, que afectan ao emprego público, subas de impostos nos hidrocarburos, recortes de pensións etc.

– O conxunto de decisións, plans e normas aprobadas en favor do sistema financeiro foron de eficacia inmediata: as nacionalizacións de bancos a partir de 2008 e os créditos concedidos polo BCE contrastan coa lentitude e paralización de toda norma dirixida á regulación de institucións financeiras. Por outro lado, Recio (2012) tratou sobre o carácter asimétrico do rescate financeiro: «nun mundo onde as decisións financeiras se toman a velocidade supersónica un sistema de intervención pública que actúa a ritmo de tartaruga ou é simplemente inútil ou se converte en cómplice dos especuladores»; e «na lentitude ao aplicar axudas aos países ou comunidades en dificultades hai tamén un elemento de cálculo estratéxico na demora en aplicar axudas. Trátase, máis que dunha terapia de *shock*, dunha política de *luz de gas*, de ir amedrentando o necesitado, de negarlle medidas de emerxencia para que ao final acabe aceptando todo o lote de esixencias que se lle queren impoñer».

– As axudas económicas recibidas pola banca privada utilizáronse para atender os vencementos da súa débeda e as súas necesidades de recapitalización. Non se transformaron en créditos a prol das persoas ou da economía produtiva. Ademais, a banca recibe liquidez ao 1% e compra con iso débeda soberana a intereses moi superiores. A asimetría entre as obrigas eficaces das maiorías sociais (redución de gastos sociais, reformas laborais...) e as simples expectativas «de outorgar crédito» da banca privada son unha quebra dos principios básicos do estado de dereito. Como afirman Asens e Pisarello (2011a), «cando se trata de avanzar en políticas privatizadoras e militaristas, a linguaxe dos tratados é firme e as normas claras. Cando se trata, en cambio, de impulsar e harmonizar á alza as políticas sociais e ambientais, recórrese a principios máis ou menos vaporosos e a exhortacións á coordinación desprovistas de todo apoio orzamentario».

– O segundo rescate a Grecia negociado en febreiro de 2012 confirmanos a fortaleza xurídica das contraprestacións que se esixen ao pobo grego. As medidas que impoñen a Comisión Europea, o BCE e o FMI propoñen recortar o gasto público no 1,5% do PIB, despedimentos de funcionarios, rebaixar o salario mínimo e eliminar as pagas extraordinarias. As obrigas son claras e os efectos sobre as maiorías sociais demoledores. O presidente Sarkozy advertiu de que non hai elección para as medidas de austeridade; no entanto, as obrigas das entidades financeiras se dilúen na estabilidade financeira do sistema.

– O único gasto público que se está blindando xuridicamente son os intereses da débeda, que leva a banca. A reforma da Constitución española limita o déficit e o endebedamento público, ao tempo que reforza os acredores da débeda española; por iso Asens e Pisarello (2012) entenden que a recente reforma constitucional española «[foi] acometida para garantirlles aos acredores prioridade absoluta de pagamento en detrimento dos dereitos sociais e do principio democrático». E os dereitos sociais da cidadanía europea? Existen recursos económicos suficientes para convertelos en dereitos plenamente tutelados polos poderes públicos, o que ocorre é que están mal distribuídos. Son elites moi minoritarias as que gobernan o mundo financeiro, xunto coas grandes empresas transnacionais coa complicidade de gobernos e institucións globais (Navarro, 2011).

Existe un desequilibrio profundo entre as obrigas do capital, recollidas en simples expectativas normativas –refundar o capitalismo, taxas ás transaccións financeiras, control dos paraísos fiscais etc.– e os seus dereitos. A privatización, a desregulación, a crise permanente das políticas públicas, dos dereitos sociais e da protección social son, porén, realidades xurídicas en vigor. A UE converteuse nun campo máis de experimentación onde quebrar o estado social de dereito e, o que é máis grave, erosionar a arquitectura xurídica internacional dos dereitos humanos e dos seus núcleos de imputación.

5. Algunhas estratexias xurídicas: a doutrina da débeda odiosa

As medidas tomadas pola *troika* están sometendo a cidadanía grega a condicións extremas, que poden tipificarse como xenocidio ou crime contra a humanidade. As persoas físicas responsables –os membros do Consello Europeo (os presidentes e primeiros ministros da UE, e o presidente da Comisión Europea), do Consello de Administración do FMI e do Consello de Goberno do BCE– poden ser denunciadas ante a Corte Penal Internacional. É posible invocar ante os tribunais como dereito vixente os artigos 6 (xenocidio, apartado c) e 7 (crimes contra a humanidade, apartado k) do Estatuto da Corte Penal Internacional (Roma, 1998) contra os dirixentes arriba mencionados (Teitelbaum, 2010). As denuncias terían un fundamento xurídico moi consistente, non obstante, as relacións de poder impóñense, pois os responsables políticos dos países ricos e das clases dominantes están á marxe da responsabilidade penal internacional, e o dereito internacional dos dereitos humanos queda sometido ao poder político e financeiro. É ilegal e ilexítimo calquera préstamo que teña como contrapartida a aplicación de políticas que violan os dereitos humanos.

O Consenso de Washington, hoxe chamado Consenso de Bruxelas, susténtase sobre a triloxía das privatizacións, as desregulacións e crise das institucións do estado de

benestar. As normativas comunitarias adoptadas coliden co principio de non regresividade na satisfacción dos dereitos sociais. Con todo, o Pacto internacional de dereitos económicos sociais e culturais de 1996 establece que os poderes públicos deben empregar os recursos dispoñibles en favor dos dereitos das maiorías sociais; xa que logo, vulnerar a prohibición da regresividade é vulnerar o devandito pacto internacional, norma de obrigado cumprimento¹⁴.

No tocante ao seu pagamento, existen argumentos xurídicos que sustentan a anulación da parte ilexítima da débeda pública. Toussaint e Millet (2012) entenden que no Estado español «unha débeda pública contratada para rescatar bancos que son responsables da súa desfeita é ilexítima. Non se pode utilizar diñeiro público para financiar débeda privada dos mesmos responsables da crise».

A doutrina da débeda odiosa ten un longo percorrido histórico, tal e como recolle o Comité para a Anulación da Débeda do Terceiro Mundo (Ecologistas en Acción, 2008); xa en 1927 Sach a define como se un poder despótico contrae unha débeda non para solucionar as necesidades e os intereses do estado, senón para fortificar o seu réxime despótico, para reprimir a poboación que o combate. O experto en dereito internacional Mohammed Bedjaoui considera que ao colocarse desde o punto de vista da comunidade internacional, poderá entenderse por débeda odiosa calquera débeda contraída para fins non conformes ao dereito internacional contemporáneo, e en especial aos principios de dereito internacional incorporados á Carta das Nacións Unidas. Nesta dirección, conveño co Comité para a Anulación da Débeda do Terceiro Mundo que todo préstamo concedido a un réxime que, aínda que fose elixido democraticamente, non respecte os principios básicos do dereito internacional, tales como os dereitos humanos fundamentais, a igualdade soberana dos estados ou a renuncia ao recurso á forza, debe ser considerado odioso (Ecologistas en Acción, 2008).

A doutrina da débeda odiosa non responde a unha simple especulación teórica, xa que os Estados Unidos se negaron a asumir a débeda cubana en 1898 e repudiaron a débeda dos Estados do Sur contraída con Francia e o Reino Unido, para o que aprobaron a Emenda XVI da Constitución federal de 1866; en 1914, en plena revolución, México

¹⁴ O Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais no seu 48.º período de sesións (do 30 de abril ao 18 de maio de 2012) «insta o estado parte España a que, en virtude do principio de indivisibilidade, universalidade e interdependencia dos dereitos humanos, adopte as medidas lexislativas pertinentes para lles garantir aos dereitos económicos, sociais e culturais un nivel de protección análogo ao que se aplica aos dereitos civís e políticos. Así mesmo, o Comité recomenda ao estado parte que tome as medidas axeitadas para asegurar a plena axuizabilidade e aplicabilidade de todas as disposicións do Pacto polos tribunais nacionais».

suspendeu o pagamento da débeda; en 1914 o Soviet Supremo repudiou a débeda contraída polos zares, e Inglaterra, despois da primeira guerra mundial, fixo o mesmo cos Estados Unidos; nos anos trinta foron catorce países os que tomaron a mesma medida; en xuño de 2004, a asesora de Seguridade Nacional, Condoleezza Rice, sostivo que entre o 67% e o 95% da débeda de Iraq debía ser condonada; Paraguai declarou a nulidade da débeda contraída cos bancos europeos; e nos últimos anos, Arxentina e outros moitos estados téñense negado a pagar débedas ilexítimas (Ruiz Díaz, 2002).

Como colofón, Ecuador reformou a Constitución en setembro de 2008 considerando inconstitucional que o Estado asuma parte da débeda privada, todo o contrario da reforma constitucional española emprendida polo ex presidente Zapatero.

O dereito internacional dos dereitos humanos é un dereito universal, vinculado ás persoas, cuxas fontes normativas non son só os tratados ou acordos entre estados, senón a Carta das Nacións Unidas –que establece a preeminencia das obrigas establecidas fronte a calquera outra, como a matriz legal e ética de todas as normas–, as declaracións e os pactos, outros instrumentos á marxe da ratificación dos estados, o costume e os principios xerais do dereito. Son normas imperativas que integran unha nova orde pública internacional investida de *imperium* á parte dos estados e de carácter universal. Os seus principios vertebran toda a normativa internacional, rexional e nacional e impóñense a calquera norma ou acordo que contraveña os seus contidos.

As medidas impostas pola Comisión Europea, o BCE e o FMI coliden directamente co dereito internacional dos dereitos humanos. A Carta de Nacións Unidas, a Declaración dos dereitos humanos e os pactos sobre dereitos civís e políticos e sobre os dereitos económicos, sociais e culturais son normas de obrigado cumprimento. Esta afirmación queda confirmada pola Convención de Viena sobre o dereito dos tratados, especialmente no seu artigo 53, que establece que a «norma aceptada e recoñecida pola comunidade internacional de estados no seu conxunto non admite acordo en contrario», e que «só pode ser modificada por unha norma ulterior de dereito internacional xeral que teña o mesmo carácter». Os acordos da *troika* deben supeditarse ao dereito internacional dos dereitos humanos.

As medidas de axuste, as desregulacións, as privatizacións e a quebra do estado de benestar afectan directamente aos dereitos da cidadanía, en especial aos dereitos das persoas máis desfavorecidas, o que viola, entre outros, o artigo 4 do Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais: «Os estados parte neste pacto recoñecen que, no exercicio dos dereitos garantidos conforme a este pacto polo estado, este

poderá someter tales dereitos unicamente a limitacións determinadas por lei, só na medida compatible coa natureza deses dereitos e co exclusivo obxecto de promover o benestar xeral nunha sociedade democrática». Vulnéranse dereitos laborais, dereitos económicos, sociais e culturais e lesiónase o dereito á soberanía, xa que «en ningún caso, un pobo poderá ser privado dos seus propios medios de subsistencia» (Ecologistas en Acción, 2008).

Afirmase que os acordos asinados coa *troika* deben respectarse de conformidade co principio de que o pactado polas partes se cumpre (*pacta sunt servanda*), o que popularmente se entende como que as débedas deben pagarse; porén, adoitan esquecerse outros usos e principios universais como o da equidade, a boa fe, o abuso de dereito, o enriquecemento inxusto, o cambio fundamental de circunstancias que modifica as obrigas das partes, a forza maior e o estado de necesidade. É dicir, non debe priorizarse xuridicamente o principio de que o pactado polas partes se cumpre; o conxunto de principios e usos universais deben integrarse como principios interpretativos interrelacionados. Hai equidade nos acordos asinados pola *troika*? Non hai enriquecemento inxusto ou abuso de dereito?

A doutrina da débeda odiosa permite suspender de forma inmediata o pagamento da débeda e dos seus intereses, e articular fórmulas de participación cidadá para formalizar auditorías; estas serven para pescudar as ilegalidades e irregularidades dos préstamos e para comprobar a complicidade dos prestamistas. A partir de aquí, os poderes públicos teñen a obriga de rexeitaren as débedas que colidan co dereito internacional dos dereitos humanos e co dereito nacional, e de procesar os responsables dos danos causados. Axústanse ao dereito internacional dos dereitos humanos os acordos da *troika* que benefician a banca, o capital e as clases dominantes? Evidentemente non. Requírese unha inmediata moratoria no pagamento da débeda, a reestruturación de parte desta a través dunha quitación substancial e a anulación da parte ilexítima, todo o cal require a nacionalización da banca, que posúe unha gran parte da débeda pública.

6. O mercado ante os núcleos centrais dos ordenamentos xurídicos: crise da función reguladora da norma xurídica

A tensión entre os binomios mercado-desigualdade e democracia-igualdade queda solucionada, na conxuntura actual, a prol dun capitalismo que dinamita os mecanismos de tutela das maiorías sociais. O carácter de contrapeso do dereito vai esvaecéndose pouco e pouco. É aquí onde a crise da función reguladora da norma xurídica se manifesta de diferentes maneiras.

6.1. A debilidade democrática das institucións económicas globais

Segundo Monereo (2011, p. 136), «o contexto actual da globalización da economía está supoñendo unha reformulación da regulación do capitalismo». Non existen novos mecanismos de control democrático, xa que as forzas económicas actúan sen límites explícitos. A OMC, as institucións de Breton Woods, os acordos comerciais e de investimento de carácter rexional e bilateral e as empresas transnacionais teñen unha feble lexitimidade democrática. As institucións como a OMC, o FMI e o Banco Mundial deben ser tratadas cun estatus técnico de especialización na esfera económica, ao igual que a OIT o é en aspectos laborais¹⁵. A especialización non implica, tal e como se reinterpretou *contra legem*, unha división do traballo de maneira independente entre a ONU e a OMC. As institucións financeiras e a OMC deben render contas á Asemblea Xeral (Sartorius, 2010, pp. 79-102). Na fase actual do capitalismo, as decisións que afectan ás maiorías sociais adóptanse en institucións pouco transparentes no seu funcionamento, sen debate político nin económico, nin xurídico.

Na UE as medidas de austeridade impostas polos tecnócratas do FMI, a Comisión Europea e o BCE usurpan á cidadanía as decisións sobre política económica. Para alén, imponen, xunto á presión da banca, gobernantes que acceden ao poder sen se someteren a ningún control democrático. O primeiro ministro grego e o presidente do Consello de Italia son os exemplos máis claros. Ambos son membros da *troika* e traballaron para Goldman Sachs.

Por outra parte, a presión dos *lobbies* empresariais e financeiros e as «portas xiratorias» entre responsables políticos e económicos son expresións da crise de lexitimidade dos gobernos europeos¹⁶ (Uharte, 2012, pp. 139-142; Garay, 2012, pp. 196-209). O poder financeiro na UE tradúcese en dezaseis países con banqueiros en postos chave de responsabilidade política: ministros, gobernadores dos bancos centrais etc. teñen formado parte dos consellos de administración da banca privada internacional. No novo Goberno español do presidente Rajoy, a vinculación das empresas transnacionais e do sector financeiro –a banca de investimento, a gran banca nacional, as consultoras financeiras e os seguros e fondos de pensións privados– co poder político materialízase igualmente en postos chave: os ministros de Economía, Facenda, Defensa e Medio Ambiente; o subsecretario de Presidencia, o presidente do Instituto de Crédito Oficial, o secretario xeral do Tesouro, o secretario de Estado de Economía, o secretario de Estado de Facenda, o secretario de Estado de Defensa, o

¹⁵ Para unha análise moi exhaustiva ao respecto, véxase Bonet (2007).

secretario de Estado de Industria, a directora xeral de Seguros e Fondos de Pensións e o subsecretario de Presidencia, entre outros, formaron parte de empresas españolas vinculadas ao Ibex 35.

O BCE converteuse nun *lobby* da banca privada. O art. 123 do seu regulamento impídelle comprar débeda pública dos estados, mais non lle prohíbe prestar diñeiro aos bancos privados para que estes especulen a costa do endebedamento daqueles. Decisións emanadas dunha institución técnica que afectan ás maiorías sociais. Beneficios para as elites e axustes para as maiorías. U-la súa lexitimidade democrática?

Cecilia Olivet (2011) describe como en Bruxelas, por exemplo, «os principais grupos de presión empresarial, como a patronal europea Business Europe e o Foro Europeo de Servizos, veñen desde hai décadas defendendo a liberalización dos investimentos e a protección dos investidores. Estes grupos lograron un acceso privilexiado á Comisión Europea e conseguiron moldear a axenda comercial da UE para que esta responda ás súas aspiracións».

6.2. A contractualización da lei e das relacións económicas

As empresas transnacionais son a expresión máis nítida da globalización neoliberal, axentes económicos cuxa regulación se move máis na esfera «contractual» que na da «lei». A ausencia de leis, normas internacionais, que regulen o seu funcionamento –as súas obrigas– son a máxima do proxecto neoliberal. Tal e como afirma a xurista francesa Monique Chemillier-Gendreau, «non se pode idealizar a lei, que resulta tamén dunha relación de forzas, pero está máis distanciada das forzas brutais, representa máis unha síntese, e así fixa límites ao que pode ser concluído por contrato» (Chemillier Gendreau, 2001, pp. 11-20).

¹⁶ Mathilde Goanec (2013) afirma que «desde 2008 existe un rexistro oficial, mais non sempre a transparencia o regula todo. En 2011 un escándalo revelou que varios deputados estaban dispostos a xogar o papel de “asesor” remunerado á parte da súa actividade parlamentaria. Ademais, moitos gabinetes de *lobbying* seguen traballando de maneira informal».

As portas xiratorias tamén se estenden á ONU. John Ruggie, após abandonar o seu cargo de representante especial do secretario xeral para os Dereitos Humanos e as Empresas, pasou a formar parte como consultor especial da Barrick Gold Corporation, mineira canadense cuestionada pola súa implicación en múltiples crimes fronte aos dereitos das comunidades afectadas na República Dominicana, o Perú, a Arxentina e Chile.

Alexandra Guáqueta, asesora da empresa Cerrajón e representante desta ante o Comité Mineiro Enerxético do Programa Presidencial de Dereitos Humanos e Dereito Internacional Humanitario do Goberno colombiano, que reúne empresas e forzas públicas, así como funcionaria da Oxy Petroleum en Colombia, converteuse na representante en América Latina do exclusivo Grupo de Traballo da ONU sobre Empresas Transnacionais e Dereitos Humanos. as empresas para as que traballa están acusadas tanto en foros internacionais como en Colombia por graves violacións dos dereitos humanos (CEPRID, 2013).

Desde esta perspectiva, Sousa Santos e Gaviria (2004, pp. 20-23) consideran que os presupostos clásicos do contrato social da modernidade occidental están en crise ao entraren en confrontación coa globalización neoliberal. O dereito oficial perde a súa centralidade e desestrutúrase ao coexistir con outro dereito non oficial ditado por diversos lexisladores de feito. Ademais, no ámbito internacional o contrato social entre os países capitalistas formalízase no denominado Consenso de Washington, que se impón ineludiblemente aos outros países, xa que a súa non aceptación implicaría a exclusión total dos circuitos económicos. O proxecto neoliberal nas relacións laborais mantén a mesma lóxica contractual do ámbito internacional e propón substituír o contrato de traballo polo contrato civil, onde a parte máis feble acepta as condicións impostas (Sousa, 2009, pp. 560-563). Como afirman Sousa Santos e Gaviria (2004, p. 32), «nas situacións de privatización, o contrato social que precedeu á produción de servizos públicos no estado de benestar e no estado desenvolvementista é reducido ao contrato individual de consumo de servizos privatizados».

6.3. A reinterpretación normativa desde as relacións de poder: quebra do principio de igualdade

Stefano Rodotá (2010, p. 79) afirma que «o interese económico choca, pois, cos dereitos e condúcenos a un mundo en que a globalización non equivale a uniformidade de tratamento das persoas, senón, pola contra, á utilización das diferenzas xurídicas para facer cristalizar as relacións de forza existentes». O vello dilema entre lei e conciencia queda desprazado, na actual conxuntura internacional, pola desarticulación dos núcleos centrais dos ordenamentos xurídicos atravesados polas relacións de poder.

Unha interpretación fundamentada na equidade implica tratar igual aos iguais, mais non igual aos desiguais. Non permitir cláusulas de acción positiva a favor dos sectores sociais e económicos máis desfavorecidos dos países empobrecidos é apuntalar prácticas discriminatorias. Asinar contratos, aprobar tratados de comercio e investimentos e aceptar axustes estruturais baixo a falsa premisa da igualdade entre as partes é situar as relacións asimétricas de poder no centro da técnica xurídica. O dereito internacional do comercio, e en concreto os tratados bilaterais de libre comercio e de protección e promoción das investimentos, apróbase en función dunha negociación formal entre partes absolutamente desiguais, reflexo exclusivo de relacións de poder e estímulo da desigualdade.

O principio de trato nacional –calquera vantaxe concedida aos investidores nacionais debe estenderse aos estranxeiros– que atravesa todos os acordos de comercio e investimento é un exemplo fidedigno da discriminación. Apoiar as economías locais

fronte ás empresas transnacionais implica discriminar estas? Por que non aplicar o principio de trato nacional ás persoas que emigran a Europa ou os Estados Unidos á procura dun traballo digno? O trato nacional reinterpreta-se a favor das transnacionais e consolida lexislacións sobre comercio e investimentos que protexen a cidadanía rica fronte á pobre.

As medidas que se impoñen aos países empobrecidos, relacionadas coa eliminación de todo tipo de proteccionismo, non se aplican aos estados ricos. Estes seguen a protexer os seus sectores estratéxicos. De por parte, o que prexudica realmente aos estados pobres é o réxime desigual que permite aos estados ricos protexerse e a eles renunciar a todo tipo de cautela ao respecto. A liberalización comercial só avanza alí onde a competencia foi destruída e a desigualdade posibilita deixar de protexer os produtos que xa se fixeron donos dos mercados mundiais. Esta lóxica beneficia as empresas transnacionais e debilita a soberanía dos estados periféricos. A relación debería invertirse e ofrecer un trato desigual –e non igual– aos desiguais, protexendo as economías pobres en favor da creación de emprego e a repartición da riqueza.

Desde outra perspectiva, as relacións de poder que exercen os homes sobre as mulleres teñen reflexo nos sistemas normativos e nas armazóns institucionais; ambos se atopan ao servizo da sociedade patriarcal. No tocante ao tema que nos ocupa, Cobo (2011, p. 116) afirma que «os efectos da globalización económica sobre a vida das mulleres contribuíron significativamente á feminización da pobreza ou á segregación xenérica do mercado laboral, entre outros fenómenos».

A xeneralización dos plans de axuste e os recortes reforzaron a lóxica patriarcal de división sexual do traballo. O pluralismo xurídico global afecta especialmente ás mulleres e incide na separación entre produción e reprodución. O caudal normativo internacional sobre a igualdade de homes e mulleres queda desprazado e é reinterpretado polos efectos das políticas económicas neoliberais sobre as mulleres (VV. AA., 2013).

6.4. A crise financeira de 2008 e a incautación de medicamentos xenéricos: expresións da reinterpretación normativa

Parece ser que non foi unha crise capitalista a que provocou que haxa novecentos cincuenta millóns de persoas famentas en todo o mundo, catro mil setecentos cincuenta millóns de pobres, mil millóns de desempregados; que máis do 50% da poboación mundial activa estea subempregada, que o 45% da poboación mundial non teña acceso directo á auga potable; que tres mil millóns de persoas carezan de acceso

a servizos sanitarios mínimos; que cento trece millóns de crianzas non teñan acceso á educación, que oitocentos setenta e cinco millóns sexan analfabetas e que doce millóns morran de enfermidades curables; que trece millóns de persoas morran cada ano pola deterioración do ambiente e que dezaseis mil trescentas seis especies estean en perigo de extinción (Alba Rico, 2008). Empeza a existir unha crise capitalista cando o sistema deixa de ser rendible para mil empresas transnacionais e dous millóns cincocentos mil millonarios.

Ante a profunda crise económica os gobernos dos países ricos decidiron intervir para amortecer os seus efectos. Non tiveron ningún problema para poñerse de acordo e actuar a prol daqueles que manexan beneficios multimillonarios. Nada que ver coa belixerancia mostrada contra, por exemplo, as nacionalizacións emprendidas polo Goberno de Evo Morales en Bolivia. As regras do libre mercado reinterpretáanse cando as necesidades do capital son urxentes.

O remedio consistiu en apagar o lume con gasolina. Inxectouse diñeiro e subvencionouse os defraudadores confiando na súa automática conversión á honradez. Substitúese o cárcere dos delinquentes financeiros polo apoio económico e mantense o modelo de acumulación ilimitada da riqueza e dos desequilibrios sociais e ambientais. Así, entre outros moitos exemplos, temos o da empresa Lehman Brothers, que despediu sen ningunha indemnización a maior parte do seu cadro de persoal, agás o seu presidente, a quien indemnizou con catrocentos oitenta millóns de dólares. Para impedir a quebra de AIG, Washington interveu con oitenta e cinco mil millóns de dólares, o que permitiu que o director da sección de produtos derivados e o director xeral cobrasen bonificacións de 3,4 e 5,4 millóns de dólares respectivamente (Vidal-Beneyto, 2008).

Por outro lado, demostrouse que se hai vontade política hai diñeiro para saír da crise financeira. E compróbase que a loita contra a fame, a pobreza, o desemprego, a cancelación da débeda externa, a privatización das pensións e un longo etcétera non se solucionan porque, sinxelamente, non se quere.

Resulta evidente que a falta de regras, entre outras cousas, é o que levou o mundo das finanzas a extremos intolerables de cobiza. A cidadanía é substituída polos consumidores, a lei polo contrato asimétrico, as normas públicas por acordos privados e as regulacións de dereitos laborais e sociais por privatizacións e desregulacións. O binomio democracia-desenvolvemento humano-bo vivir está sendo substituído por eleccións formais-mercado. E todo iso atravesado pola regra universal de reinterpretar as categorías xurídicas desde as relacións de poder.

Outro exemplo sobre a reinterpretación exprésase na desterritorialización normativa que a UE promove, coa aplicación dun regulamento comunitario e aprobado exclusivamente por e para o territorio europeo, sobre a incautación de medicamentos xenéricos legais en tránsito. As autoridades europeas obstaculizaron o acceso dos pobos de América Latina a fármacos xenéricos, o que implica unha grave vulneración dos dereitos dos pobos. A retención de dezaioito cargamentos de xenéricos en portos europeos deu lugar a que os homes e as mulleres de países de América Latin, destinatarios quedasen, por falta de recursos económicos, sen tratamento médico e, por tanto, sometidos ao azar da enfermidade e a morte. A cobiza sen límites das farmacéuticas e a complicidade dos gobernos e as institucións da UE dan lugar a comportamentos que deberían ser tipificados como crimes contra a humanidade.

Segundo a lexislación do país de orixe e dos países de destino, e segundo as normas multilaterais sobre comercio internacional e a protección da propiedade intelectual, os xenéricos adecuábanse plenamente a dereito. Desde instancias comunitarias xustificouse a medida con supostas infraccións sobre patentes, mais, fáltalles engadir, da UE e para a defensa de transnacionais europeas no ámbito comunitario. Ademais, a incautación non se xustificou en ningún caso, xa que ao estaren os xenéricos en situación de tránsito, non puido existir ningún dano comercial sobre os intereses das empresas transnacionais. É unha medida unilateral, que establece con precisión os contornos dun novo imperialismo xurídico (Reis e Faria, 2010)

Esta extraterritorialidade normativa a favor dos intereses das transnacionais colide coa negativa das institucións da UE á hora de aprobaren un marco normativo onde as empresas transnacionais europeas sexan obrigadas a respectaren os dereitos humanos en todos os lugares e países en que actúen, e en caso contrario, poidan ser demandadas ante os tribunais europeos. A asimetría resulta evidente, desterritorializan a protección dos seus dereitos e opóñense á das súas obrigas. Alén disto, en ambos os casos se quebran os principios de xerarquía normativa e imperio da lei, xa que o dereito internacional dos dereitos humanos se atopa no vértice das normas internacionais. E nos contornos das dúas interpretacións, o dereito universal á saúde e aos medicamentos queda subordinado á capacidade económica para compralos (Hernández Zubizarreta, 2009, pp. 518-523).

6.5. A inflación lexislativa ou inflación xurídica

A inflación lexislativa (Ferrajoli, 2004, p. 16) ou inflación xurídica (Nitsch, 1982, p. 165) que responde, entre outras cuestións, á presión das corporacións e empresas transnacionais queda sinalada polo aumento das normas e da súa especialización e

complexidade técnica; a perda de abstracción e xeneralidade, a fragmentación destas; a celeridade no seu proceso de elaboración e a imposibilidade coñecelas¹⁸; son características que se entroncan nun dos barómetros da globalización: a ilexibilidade da información que no actual proceso neoliberal favorece as multinacionais que premen a prol de regulacións *ad hoc* aos seus intereses económicos. O desbocamento dos ordenamentos internos (Mercader, 2003, p. 97) é un dos principios novos que afectan aos núcleos esenciais dos ordenamentos xurídicos¹⁹. Así, nalgúns textos normativos que regulan cuestións comerciais no marco da OMC, a confusión é continua, sobre todo respecto aos dereitos dos países pobres e ás obrigas dos países ricos: defectos de redacción gramatical, cualificativos que debilitan as obrigas, obrigas ineficaces, disposicións vagas, «refuxios» para escapar das obrigas, disposicións escuras e anexos e notas a pé de páxina que conteñen elementos substanciais de dereitos e obrigas²⁰ (Lal Das, 2005, pp. 115-129).

6.6. A pulverización do dereito lexislativo

A pulverización do dereito lexislativo (Zagrebelsky, 1995, p. 37) está «ocasionada pola multiplicación de leis de carácter sectorial e temporal; o proceso de administrativización normativa, resultado da absorción polo executivo de núcleos

¹⁸ O Comité de Dereito de Comercio Internacional da Asociación de Dereito Internacional recoñeceu en xuño de 2006 que coa actual proliferación de acordos rexionais e bilaterais de comercio, xunto ao sistema multilateral, ninguén ten capacidade para seguir axeitadamente todos os desenvolvementos normativos (Cortázar Mora, 2006, p. 278).

¹⁹ Desde unha perspectiva xurídica semellante, mais axustada á lexislación española, García de Enterría (1999, pp. 50-51) afirma o seguinte:

«Hoxe a lei é, sobre todo, unha lei-medida, que máis que definir unha orde abstracta con pretensión de permanencia, pretende, pola contra, resolver un problema concreto e singular para afrontar e intentar resolver o devandito problema. Hoxe son característicos as leis os e regulamentos que pretenden articular e organizar políticas públicas... É notoria a diferenza destas normas de novo coño coas que imaxinara o pensamento clásico, a diferenza entre unha lei anual de orzamentos e as súas cada vez máis nutridas leis de acompañamento ou de medidas, co que pode significar a lei que estableceu o Código civil. A lei-medida non pretende definir unha orde abstracta de xustiza e tendencialmente permanente; renuncia de xeito deliberado ás dúas cousas e preséntase abertamente como unha norma ocasional, continxente, explicable só en función dunha situación ou uns problemas determinados que se pretende enderezar ou superar...».

²⁰ Así, a redacción escura de obrigas no art. XVI do Acordo de Marrakech e no Acordo sobre a aplicación de medidas sanitarias e fitosanitarias; as obrigas debilitadas no art. 15 do Acordo *antidumping*; as obrigas ineficaces no art. XIX do GATS: non queda claro sobre quen recae a obriga nin de que maneira se pon en marcha; as disposicións vagas, parágrafos décimo e undécimo do art. 4 do Acordo sobre subvencións e medidas compensatorias; os refuxios contra as obrigas no acordo sobre téxtiles e vestidos que constrinxen á liberalización en prazos determinados, mais a inclusión nun anexo dunha longa listaxe de produtos estívese ou non restrinxida a súa entrada, impide a apertura a ningún dos produtos protexidos, aínda que as porcentaxes de liberalización se cumpran; as disposicións escuras no Acordo sobre agricultura, art. 6 e o anexo 2 e anexos e notas a pé de páxina; igualmente, no Acordo *antidumping*, defínese o termo «dano», elemento central para a concreción sobre un dereito *antidumping*, nas notas 9 e 45.

importantes de produción normativa; a crise da unilateralidade das normas, consecuencia da proliferación de novos tipos normativos vinculados coa liña, cada vez máis marcada, de contractualización dos contidos da lei; e, en fin, a hipertrofia que afecta á norma legal, e que non é senón un efecto derivado do imparabile proceso de inflación normativa» (Mercader, 2003, p. 97)²¹.

O Goberno español do presidente Rajoy xestionou a crise económica –en oito meses de goberno aprobou vinte e sete reformas– a base, fundamentalmente, de decretos lei, entre os cales o Decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, é paradigmático canto á pulverización do dereito lexislativo; regula en máis de noventa páxinas reformas substanciais dos dereitos das maiorías sociais.

Na UE, as decisións lexislativas máis importantes aprobadas para afrontar a crise financeira tomáronse á marxe dos procedementos democráticos: os denominados acordos *Merkozy*, que son practicamente constituíntes, tomáronse sen ningún debate nin contraste democrático, as institucións da UE unicamente os ratificaron; as recomendacións do BCE –a carta do anterior gobernador do BCE e do gobernador do Banco de España ao ex presidente Zapatero, e de Trichet e Mario Draghi ao ex presidente Berlusconi–, que instan a reformar a negociación colectiva e instaurar un contrato de emprego xuvenil completamente desregulado, son imperativas; a carta enviada pola *troika* ao Ministerio de Traballo grego para que aprobe un decreto sobre redución salarial actúa como un verdadeiro decreto-lei; os plans de axuste e as instrucións de modificacións legais do FMI, as cualificacións e recomendacións das axencias de crédito en que se insta a aprobar reformas laborais, aumentar as axudas públicas ao sector financeiro e a impulsar medidas dirixidas a reducir o déficit público son lexislacións de urxencia.

Ademais, as reformas constitucionais rápidas e fóra do debate público sobre o endebedamento e o déficit, as visitas da *troika* aos gobernos en crise, a presión sobre o Goberno grego para evitar o referendo sobre as medidas de axuste e os acordos secretos de carácter constituínte sobre temas económicos, sociais e políticos de Davos –onde se reúnen as persoas máis poderosas do planeta– son expresións fidedignas da pulverización do dereito lexislativo e da imposición de medidas contra os dereitos

²¹ O desbocamento dos ordenamentos internos, a pulverización do dereito lexislativo e a conformación dun novo dereito global afectan tamén ao coñecemento do dereito por parte dos xuíces. Este é un tema complexo que incide de maneira directa na delimitación, xa de por si complexa, do aforismo *iura novit curia* (preparación técnica dos xuíces).

humanos. Son decisións aprobadas por elites burocráticas e dirixidas a sustentar o poder das clases dominantes.

6.7. Os dereitos das maiorías fronte á privatización das normas xurídicas

A sinatura de contratos de explotación de empresas transnacionais de hidrocarburos cos estados receptores destas comporta un desprazamento normativo de carácter formal –unha privatización máis que unha administrativización– na regulación dos dereitos das maiorías sociais. Os contratos renegociados polo Goberno boliviano no marco da nacionalización foron un exemplo claro. Meses despois da súa sinatura-validación, no Congreso revisouse o seu contido polas supostas contradicións existentes entre as cláusulas centrais e os anexos. Estes recollen os fundamentos xurídicos dos dereitos das transnacionais, e, en concreto, o de anotarse as reservas. A pulverización do dereito lexislativo, o decreto de nacionalizacións, exprésase neste caso na contractualización asimétrica do devandito decreto, subordinando o dereito ao desenvolvemento, expresado no control das reservas naturais, aos dereitos das multinacionais, concretados na adxudicación delas ao seu patrimonio.

6.8. Os anexos dos contratos impóñense á norma xurídica

Doutra banda, e desde o punto de vista formal, nos contratos de explotación distorsiónase o valor dos instrumentos legais desprazando os núcleos centrais da tutela dos dereitos das empresas transnacionais e das cláusulas contractuais aos anexos. Isto só é explicable desde a asimetría e desde as relacións de poder que se impoñen á norma xurídica, xa que doutra maneira a fortaleza normativa dos anexos de contratos de explotación fronte ás normas de dereito internacional dos dereitos humanos carecería de calquera lóxica xurídico-formal. Por que os anexos aparecen blindados xuridicamente e permiten anotar as reservas de hidrocarburo ao haber das multinacionais con todo o que iso implica e a Declaración do dereito ao desenvolvemento é, no mellor dos casos, unha simple carta de boas intencións?

6.9. O paralelismo nas formas

O paralelismo nas formas queda sometido a prácticas normativas non formalizadas, tanto pola consolidación de pluralismos xurídicos supraestatais como pola complexa e confusa tearaña que se crea no ámbito normativo internacional, sobre todo no de comercio e investimentos. A relación norma xurídica-órgano e procedemento constitucionalmente habilitado para a súa elaboración, xunto ao procedemento e modificación desta pola institución lexitimada, están sometidos a tendencias normativas á parte dos procedementos establecidos (Chemillier-Gendreau, 2001, p. 164).

O ocorrido no Cumio de Copenhague sobre o ambiente ratifica esta idea. O Protocolo de Quioto de 1997, cuxo texto legal se pechou definitivamente no ano 2004²², quedou depreciado formal e materialmente polo denominado Acordo de Copenhague de 2009, en que cento noventa e dous países «toman nota» dunha mera declaración política, que en ningún caso pode considerarse como un texto vinculante²³ por as súas disposicións non teren ningún carácter legal. Como pode esixirse o cumprimento de Quioto, que formalmente se encontra en vigor até o ano 2012, se o aprobado en Copenhague é unha declaración de intencións? De feito, esta substitúe o Tratado de Quioto²⁴.

O Cumio de Cancún afonda no formato dos compromisos voluntarios e segue sen asegurar o segundo período do Protocolo de Quioto. Formalízanse xuridicamente as regresivas fórmulas de adiar as decisións substantivas (Garí, 2011, pp. 9-14). A XVII Conferencia das Partes das Nacións Unidas sobre Cambio Climático en Durban, Sudáfrica, do 28 de novembro ao 10 de decembro de 2011, baleirou de contido o segundo protocolo de Quioto; rexéitase calquera mecanismo normativo de redución de emisións e dilátase até o 2020 calquera fórmula de vinculación obrigatoria. En 2012, Río+20 aprobou «un raquíto e descafeinado documento que non contenta a ninguén, [c]os obxectivos do desenvolvemento sustentable atrasados até o 2015 e o financiamento e a Axencia Internacional do Medio Ambiente atrasados *sine die*» (Bárcena e Sosa, 2012, pp. 76-82).

A crise xerada pola enerxía nuclear, abre novos espazos á quebra do paralelismo nas formas. Existe unha proposta de que sexa o G20 quen fixe as novas directrices da futura regulación. Onde queda, por exemplo, o Organismo Internacional da Enerxía Atómica na nova proposta normativa?

6.10. A quebra do imperio da lei

A quebra do imperio da lei, en palabras de Laporta (2007, p. 247), implica «a esixencia complexa de que o ordenamento xurídico estea configurado no seu núcleo máis importante por regras xerais e abstractas que administren un tratamento

²² O procedemento regulado en Quioto establecía como límite temporal o ano 2005. Comézase a tratar o tema no Cumio de Bali de 2007 e establécese un prazo de dous anos. A partir de aí, o tema trátase na reunión do G8 (2009) en L'Aquila (Italia), alén de nas reunións de Bonn, Nova York, Bangkok, Barcelona e finalmente en Copenhague.

²³ Tese expresamente ratificada por Yvo de Boer, responsable da Convención marco de Nacións Unidas sobre cambio climático.

²⁴ Este acordo é un texto baleiro, sen cifras concretas. Os países que o apoiaron comprometéronse a precisar contidos concretos sobre a redución de emisións antes do 31 de xaneiro de 2010. Son numerosos os países que non confirmaron ningún dato. Ademais, dos cento noventa e catro países membros da Convención sobre cambio climático da ONU, só apoiaron o acordo cincuenta e cinco.

formalmente igual para todos os seus destinatarios, razoablemente estables, de doado coñecemento público, carente de efectos retroactivos, e accionables ante os tribunais»; o desacoplamento, en palabras do mesmo autor, entre a globalización económica e a natureza estatal das normas xurídicas en que se sustenta o imperio da lei, xera efectos favorables aos intereses económicos das empresas transnacionais. Resulta sorprendente que aos contratos tipo, os fallos dos tribunais de arbitraje e tratados internacionais de comercio e investimentos se sumen as «leis modelo» que os gobernos incorporan ás súas lexislacións. Leis elaboradas nos ámbitos privados – froito da presión dos *lobbies* das multinacionais do dereito– e exportadas polos gobernos neoliberais sumisos á legalidade do capital.

6.11. O declive das garantías dos dereitos civís e políticos e a ineficacia dos dereitos sociais e económicos

Os dereitos humanos son un fundamento do sistema político-institucional. Non son negociables nin entre as forzas políticas nin mediante procedementos lexislativos ordinarios (Rodotá, 2010, p. 53). A clasificación e os antecedentes dos dereitos humanos como civís e políticos, e económicos e sociais, encádranse nos marcos da súa esixibilidade xurídica e, en concreto, nos ámbitos de actuación das empresas transnacionais. O final da guerra fría deu lugar a múltiples especulacións sobre a definitiva maduración dos dereitos civís e políticos, e o paso cara á plena regulación e consolidación da esixibilidade xurídica dos dereitos económicos e sociais; non obstante, a realidade após case dúas décadas é moi diferente. As relacións internacionais, sometidas a un recrudescemento das guerras como mecanismo de resolución dos conflitos, á unilateralidade como principio de funcionamento dos Estados Unidos e aliados imperiais (Riquelme, 2005, pp. 34-39), á crise da xeneralidade dos dereitos humanos e a conseguinte quebra das institucións internacionais, provocan un profundo escepticismo sobre as posibilidades de situar os dereitos humanos na referencia xurídica por excelencia.

O resultado é o inverso ao previsto: son malos tempos para os dereitos civís e peores para os económicos e sociais. Os atentados do 11 de setembro marcaron o inicio da diminución formal das garantías de dereitos fundamentais na esfera internacional. As guerras de Afganistán e Iraq fixérono patente, ao desprezar o dereito internacional e os organismos multilaterais, e a agresión do Líbano e a invasión de Libia convertérono en práctica habitual. Unicamente as guerras perdidas son consideradas crimes internacionais, mentres que as guerras gañadas, aínda que sexan de agresión, non se atopan sometidas a ningún control nin político nin xurídico.

A aprobación da Lei patriota (*Patriot Act*) de 2001 polo Congreso dos Estados Unidos deu lugar a unha serie de medidas a todas luces insospitadas: constitución de

tribunais de excepción sen dereitos procesuais; creación de campos de internamento e cárceres de presos exentas de todo tipo de control, como é o caso de Guantánamo (Montoya, 2013); prácticas que lesionan de xeito sistemático os dereitos máis elementais, como na prisión de Abu Graib; a subcontratación da tortura a países máis tolerantes con ela; a legalización de prácticas tipificadas como tortura; as redefinicións unilaterais das convencións de Xenebra; a fiscalización indiscriminada de datos persoais; a persecución de emigrantes... Un informe de Amnistía Internacional, entre outros, ratifica a forte crise pola que atravesan os dereitos civís, a respecto do cal o seu título é xa indicativo: *EEUU. Negación de la dignidad humana: tortura y rendición de cuentas en la «guerra contra el terrorismo»* (Amnistía Internacional, 2004, pp. 1-9).

En definitiva, as fortes restricións dos dereitos civís veñen acompañadas da debilidade dos dereitos económicos e sociais, característica da globalización neoliberal. Tal e como afirman Pisarello, García e Olivas (2009, p. 5 e ss.), «un operador xurídico medio... afirmaría que os dereitos sociais non son dereitos esixibles ante os tribunais». No entanto, conveño cos autores en que «os dereitos sociais, tanto en razón do seu recoñecemento constitucional como da súa consagración en diferentes tratados internacionais de dereitos humanos, son ou poden ser, individual e colectivamente, tan xusticiables como o resto de dereitos civís e políticos» (Pisarello, García e Olivas, 2009, p. 8).

A fortaleza política e económica das empresas transnacionais non é allea á privatización dos dereitos humanos e á subordinación de todo o que implique redistribución fronte ao dereito de propiedade: «Todo individuo é igualmente libre de decidir se contrata ou non, libre de escoller con quen quere contratar e libre de establecer as condicións do contrato; mais o mercado, a súa liberdade e a súa igualdade contractual atópanse máis adaptados ás necesidades das empresas e organizacións transnacionais que ás necesidades dos seres humanos» (Fariñas, 2005, p. 112).

6.12. A perda de mecanismos de control

A fragilidade dos mecanismos de control, a irresponsabilidade dos poderes públicos, a substitución de institucións democráticas por institucións tecnocráticas, ademais da aprobación de técnicas e procedementos que avalían os dereitos de acordo coa súa eficacia económica, provocan que as lexislacións se impregnen de escuridade e confusión democrática. Así, o método aberto de coordinación regulado no Tratado de Ámsterdam é unha técnica que ten como obxectivo adaptar o ámbito social ás directrices da política económica comunitaria, isto é, adaptar os dereitos dos asalariados ao mercado. Supiot (2011, p. 69) afirma que:

«(...) os rendementos dos estados en función dos obxectivos que lles son fixados son medidos mediante as baterías de indicadores numéricos elaborados pola Comisión e volven examinarse regularmente no seo de peer views (avaliación polos pares). Incitados así a mellorar a súa puntuación estatística, considérase que os malos alumnos da clase europea han de seguir o exemplo dos bos, segundo a técnica chamada benchmarking (comparación referencial)».

A Comisión Europea comezou a elaborar «novas lexislacións» dunha nova regulación que permita avaliar os custos correspondentes á competitividade. Estas novas metarregulacións ou contrarregulacións elabóranse segundo indicadores establecidos por expertos. É unha censura previa aos debates parlamentarios que permite comprobar o impacto de iniciativas lexislativas no marco da competitividade. Así, sesenta e oito directivas comunitarias foron analizadas con esta lóxica, a prohibición de que os vehículos de mercadorías pesadas circulen os fins de semana é un exemplo (Supiot, 2006, p. 111). A competencia entre transnacionais e as regras mercantís impacta nos núcleos constitutivos das esferas normativas. O libre mercado dinamita o dereito e, en ningún caso, parece que o dereito regule o mercado.

6.13. A xustiza arbitral

Unha das fortalezas máis salientables do dereito corporativo global reside na existencia de tribunais arbitrais internacionais e na efectividade dos seus laudos. A forte asimetría existente entre as garantías e a efectividade xurídica do dereito internacional dos dereitos humanos e o dereito internacional do traballo fronte ao sistema de solución de diferenzas (SSD) da OMC, ou os sistemas de arbitraje previstos nos tratados rexionais ou bilaterais de comercio e investimentos, sitúa as empresas transnacionais en planos xerarquicamente superiores aos dereitos das maiorías sociais. Por outra parte, os laudos arbitrais resultantes teñen plena eficacia, xa que a súa inobservancia podería carrexar consecuencias económicas moito máis duras que o cumprimento do laudo. Así, as sancións da OMC adoitan acompañar modificacións lexislativas, sancións comerciais do país denunciante ou dun terceiro, ou multas²⁵. No caso dos laudos derivados de arbitraxes, por exemplo os do Centro Internacional para o Arranxo de Controversias Relacionadas cos Investimentos (CIADI), adscrito ao Banco Mundial, o seu incumprimento é impensable polos efectos de bloqueo económico internacional que pode xerar, de aí que a súa adscrición ao Banco Mundial non sexa simplemente anecdótica.

²⁵ O estado sancionado debe reparar o dano en vinte días; se continúa a infracción, deberá compensar economicamente ao estado afectado. Ademais este poderá tomar medidas unilaterais no mesmo sector económico obxecto de disputa. Se isto non fose posible, poderá desprazar a sanción a outro sector económico. Se isto tampouco fose posible, e en función das circunstancias, a medida poderá fundamentarse noutro acordo.

As empresas transnacionais son beneficiarias directas destes mecanismos arbitrais de resolución de conflitos, mentres a tutela dos dereitos laborais dos seus traballadores se reenvía aos ordenamentos internos que –na maioría dos países empobrecidos– sufriron profundas modificacións neoliberais, ao igual que os seus desestruturados poderes xudiciais. A protección do dereito internacional do traballo por medio da OIT queda moi afastada da fortaleza dos sistemas arbitrais de comercio.

Alén disto, os árbitros non son en absoluto neutrais. Olivet (2011), por exemplo, considera que realizan unha interpretación expansiva das regras de investimentos. O 70% dos designados polo CIADI son de Europa occidental, forman parte dunha rede pechada de «vellos amigos», teñen importantes incentivos financeiros, actúan en numerosas ocasións como avogados das empresas transnacionais e noutras como expertos ou árbitros «obxectivos», critican os países que intentan limitar as regras de arbitraje... Son máis asalariados das transnacionais que xuíces neutrais²⁶.

O número de demandas, de por parte, aumentou exponencialmente: a finais de 2010 os casos presentados no CIADI eran trescentos trinta e un. Destes, o 45% foron presentados por empresas dos Estados Unidos, e o 31% por empresas de Europa occidental. As sumas pagadas polos estados periféricos, é dicir, polos homes e mulleres dos países empobrecidos, son astronómicas: as indemnizacións contra a Arxentina alcanzan un total de novecentos doce millóns de dólares e as demandas pendentes estímense en vinte mil millóns, casi seis veces o orzamento público de saúde do país. En 2010 ao Ecuador ordenóuselle pagar 698,6 millóns de dólares a Chevron; Líbano tivo que pagar a France Telecom douscentos sesenta e seis millóns, e a República Checa douscentos setenta a Central Europea Media.

6.14. A creación do principio dos vasos comunicantes

O principio dos vasos comunicantes entre normas de comercio e investimentos –e entre institucións e gobernos– implica que o que non se obteña no seo da OMC ha atinxirse por medio de tratados ou acordos comerciais ou de investimentos de carácter bilateral ou rexional. Así, no tema das patentes farmacéuticas creáronse as regras sobre o Acordo dos aspectos da propiedade intelectual relacionados co comercio (ADPIC-*plus*), é dicir, incorporáronse aos tratados as interpretacións máis restritivas sobre a súa aplicación, blindáronse os dereitos de propiedade baixo patentes e

²⁶ En 2011 estaban en marcha catrocentos cincuenta casos coñecidos, fronte aos trinta e oito en 1996. Os honorarios e as indemnizacións tamén se dispararon: os custos legais e arbitrais sitúanse en oito millóns de dólares (de media) por caso, aínda que nalgúns poden superar os trinta millóns (Prieto, 2013).

baleiráronse de contido as excepcións recollidas no texto orixinal das normas ADPIC da OMC. Ademais, os prazos transitorios e as medidas flexibles na aplicación das patentes para os países empobrecidos, previstos no orixinal, quedaron sen efecto ao ratificaren estes diversos tratados ou acordos comerciais ou de investimentos. O Tratado de Libre Comercio entre a UE, Perú e Colombia supera nalgunhas partes o regulado no dereito da OMC-*plus* (Teitelbaum, 2010, pp. 163-172).

6.15. A seguridade xurídica

No tocante á seguridade xurídica, o anuncio en maio de 2010 da nacionalización de catro empresas eléctricas en Bolivia por parte do presidente Evo Morales supuxo continuar coa senda marcada polo seu goberno nos últimos anos. No entanto, neste caso a noticia non xerou o balbordo mediático e diplomático que se orixinou fai catro anos cunha medida similar que, naquel momento, si afectaba directamente aos intereses económicos de empresas españolas: «Evo Morales nacionaliza por decreto el petróleo y el gas de Bolivia» e «Repsol YPF dice que va a defender sus derechos», titulaban os diarios españois aqueles días da primavera de 2006 (Hernández Zubizarreta e Ramiro, 2010, pp. 35-37).

Desde aquela, cada vez que en América Latina se produce algún intento de avanzar, en maior ou menor medida, na recuperación da soberanía estatal sobre os recursos naturais, a enerxía ou os sectores máis importantes da economía, para defender os investimentos das corporacións transnacionais fíxose habitual o uso dun concepto que se converteu en chave: a seguridade xurídica. Porque, como di Gerardo Díaz Ferrán, ex presidente da Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE), «a necesidade de que os marcos regulatorios para o investidor sexan claros e veñan acompañados da suficiente seguridade xurídica e estabilidade económica é fundamental para poder rendibilizar no longo prazo os investimentos».

Neste mesmo sentido, na Comisión de Asuntos Iberoamericanos do Senado aprobouse en 2010, co voto favorable de todos os grupos excepto o da Entesa Catalana de Progrés, o informe do relatorio sobre o papel das empresas españolas en América Latina. Nel recóllese unha clasificación dos países da rexión con base no «grao de seguridade xurídica»: entre os máis seguros, México, o Perú e Colombia; entre os inseguros, Cuba, Venezuela, o Ecuador e Bolivia. E, á vez, no informe agrúpase tamén aos países segundo o grao de oportunidades de negocio e as facilidades ao investimento estranxeiro directo que ofrecen, dándose o feito de que son os países con maior seguridade xurídica os que, precisamente, brindan as mellores perspectivas para as actividades das grandes empresas.

Con todo iso, parece claro que esta utilización do concepto de seguridade xurídica só fai referencia a un novo dereito corporativo global, que se concreta nunha serie de normas e acordos bilaterais, multilaterais e rexionais promovidos desde instancias como a OMC, o Banco Mundial e o FMI. Deste modo, só parece entenderse a idea seguridade xurídica no marco desta *lex mercatoria*, xa que o seu único fundamento resulta ser a protección dos contratos e a defensa dos intereses comerciais das compañías multinacionais.

Porén, non por reiterada resulta menos cuestionable esta interpretación do que debe significar a seguridade xurídica. E é que non ten moito sentido argumentar, por un lado, que os conceptos xurídicos e os usos e principios internacionais universais –como os de equidade, o enriquecemento inxusto e de boa fe– só poden contribuír a regular as relacións entre estados e non as dos negocios privados, mentres, polo outro, os tribunais internacionais de arbitraje –como o CIADI–, que se crearon para dirimir conflitos entre estados, si son usados para resolver contenciosos entre estados e empresas transnacionais (Echaide, 2011, pp. 1-28).

Ademais, faise unha interpretación a conveniencia do principio *pacta sunt servanda* –o pactado obriga–, en tanto que serve de base para blindar os contratos asinados no pasado polas empresas transnacionais, ao mesmo tempo que se obvian as cláusulas *rebus sic stantibus* –o establecido nos contratos éo en función das circunstancias concorrentes no momento da súa subscrición–, co que se insiste en que os acordos subscritos por gobernos anteriores deben ser respectados para garantir a seguridade xurídica. Así, volvendo ao caso de Bolivia, ignórase que o aplastante triunfo electoral de Evo Morales ía ligado a un programa que incluía as nacionalizacións, así como que existía un importante corpo normativo de dereito internacional dos dereitos humanos e do traballo ratificado por ese país: o intento de modificar as regras neoliberais por parte do novo goberno puxo de manifesto a férrea armadura xurídica que tutela as regras e intereses das corporacións multinacionais.

En todo caso, paga a pena insistir en que a seguridade xurídica é un principio internacional que non está vinculado unicamente a valoracións económicas: a verdadeira seguridade xurídica é a que sitúa o dereito internacional dos dereitos humanos por encima do novo dereito corporativo global, isto é, os intereses das maiorías sociais por encima dos das minorías que controlan o poder económico. O exemplo boliviano –Venezuela e Ecuador tamén tomaron medidas similares– debe servir para ilustrar que o estado se atopa facultado para modificar as leis e contratos coas empresas transnacionais se estes establecen un trato que vulnera a soberanía nacional e os dereitos fundamentais da maioría da poboación. Todo iso por imperio

da nova Constitución e do art. 53 da Convención de Viena, que establece que as normas imperativas sobre dereitos humanos e ambientais prevalecen sobre as normas comerciais e de investimentos.

6.16. A privatización do dereito

Son tres as expresións máis relevantes da privatización do dereito. As axencias de cualificación, os grandes despachos de avogados e o dereito brando ou *soft law*. Canto ás primeiras, as axencias de cualificación son entidades privadas que ofrecen informes supostamente independentes, sobre a calidade do crédito dunha corporación, dunha débeda ou dunha obriga ou un instrumento financeiro dun estado ou empresa²⁷. A súa cualificación implica que canto máis baixa ou prexudicial sexa a cualificación, maior interese deberá ofertar o emisor ao comprador para colocar a súa emisión. Até aquí parece impecable a descrición formal das súas funcións. Ora ben, vexamos algunhas cuestións.

En 2001, as axencias cualificaron á alza, logo de asesoraren as entidades que se ían avaliar, diferentes produtos financeiros con apoio hipotecario. Estes produtos eran hipotecas lixo e activos tóxicos, a que outorgaron a máxima cualificación (Asens e Pisarello, 2011b). As súas ganancias foron escandalosas e as súas responsabilidades nulas. Un par de datos: a axencia Moody's degradou en 2007, cando comezou a crise, oito mil setecentos vinte e cinco produtos financeiros baseados en hipotecas *subprime* e Standard & Poor's fixo o mesmo con seis mil produtos nun só día.

O negocio é redondo, cualificaron e asesoraron os mesmos clientes, cobraron cantidades insultantes de diñeiro e, cando o consideraron oportuno, rebaixaron a cualificación sen demasiadas explicacións. Os efectos sobre as maiorías sociais forman parte da especulación e do sistema capitalista. Todo iso coa complicidade dos gobernos ricos de Europa e os Estados Unidos, e das institucións internacionais, que amparan o poder arbitrario das axencias de cualificación.

En 2010 cambia o escenario e comezan a valorar á baixa as débedas públicas dalgúns gobernos europeos, o que implica ofrecer aos especuladores toda clase de beneficios: financeiros e os que resulten da redución dos gastos sociais e das reformas laborais, pois tranquilizar os mercados implica especular cos dereitos da cidadanía. Iso si, non esquezamos que para rescatar a banca, moitos gobernos tiveron que endebedarse e emitir débeda pública. Ademais, os principais compradores da débeda son os

²⁷ Véxase De la Fuente (2012, pp. 32-35) e Rüegemer (2013).

principais clientes das axencias. Outra vez o negocio é redondo, cóbrase cualificando á baixa a débeda dos estados avaliados, recoméndase acometer reformas sociais para mellorar a cualificación e participase nos beneficios que obteñen os especuladores dos vaivéns da débeda. Todo iso coa total complicidade dos gobernos europeos, xa que o fundamentalismo capitalista non pode ser posto en cuestión.

A maneira de actuar das axencias é completamente arbitraria. Existen fallos na calidade das metodoloxías, dos modelos e dos supostos en que basean as súas cualificacións; na integridade derivada dos conflitos de intereses, xa que cualifican e asesoran os mesmos clientes; na transparencia dos seus procedementos; na dependencia salarial de moitos dos seus empregados da produtividade das axencias; na falta de auditorías internas... Isto sen termos en conta que os seus son informes privados con consecuencias xurídicas obrigatorias, sen que existan controis mínimamente eficaces a respecto da súa actividade.

As axencias de cualificación con sedes nas capitais dos países ricos marcan o devir dos homes e as mulleres do planeta. As súas decisións son tomadas sen control e sen responsabilidades de ningunha clase, dando lugar a unha especie de privatización do dereito na escala global. O binomio da privatización das normas e os efectos xerais sobre a poboación disloca os núcleos centrais do dereito. As democracias convértense nun mero procedemento formal, dirixido á consolidación dos intereses dos especuladores. Por outra parte, as decisións das axencias complementan as dos gobernos ricos e as institucións financeiras e de comercio, que actúan como vasos comunicantes, máis alá dalgunhas contradicións conxunturais, en detrimento dos dereitos das maiorías sociais.

Os indicadores risco-país son unha expresión clara da privatización das normas e da perda de soberanía dos países do sur. O risco-país convencional é un indicador económico que expresa a capacidade dunha nación para lles facer fronte ás súas débedas. É un dos datos máis importantes para reflectir o estado das economías dos países en desenvolvemento (Unceta, 2008, pp. 51-66). Unha mellor ou maior clarificación de risco tradúcese nun menor «risco soberano», o que implica menores taxas de interese polos préstamos que os gobernos contraten. É dicir, o aumento de valor do risco diminúe o investimento estranxeiro e o crédito internacional (Gudynas e Buonomo, 2007, pp. 111-123) e afecta aos investidores, bancos, axencias multilaterais de investimentos, o FMI e o Banco Mundial. As cualificacións fanse, en palabras de Gudynas e Buonomo (2007, p. 120), «desde un espazo transnacionalizado, en mans de empresas cualificadoras. Un pequeno puñado de persoas nunhas poucas oficinas espaxadas nalgunhas capitais en países industrializados realizan a avaliación de toda a economía global».

Todo iso implica que as decisións políticas quedan acoutadas polas cualificacións risco-país, de xeito que os procedementos democráticos e a soberanía dos estados se debilitan. Ademais, os aspectos ambientais e sociais fica fóra das estratexias de desenvolvemento. É máis, a alza do salario mínimo implica aumentar o índice risco-país. Como afirman Boaventura de Sousa Santos e García Villegas (2004, p. 35), «o fascismo financeiro nas súas varias formas e ámbitos é exercido por empresas privadas cuxa acción está lexitimada polas institucións financeiras internacionais e polos estados hexemónicos».

Os grandes despachos de avogados asesores das empresas transnacionais pasaron de exercer funcións de asesoría e defensa dos intereses dos seus clientes a se transformaren en verdadeiros *cuasilexisladores*.²⁸ Son unha nova xeración de avogados-empresarios con alta cualificación, amplísima información, canais de poder e plena identificación coa mercantilización do dereito. As *law firms* reelaboran continuamente a *lex mercatoria* creando esquemas contractuais *ad hoc* e interpretando as normas desde as novas esixencias económicas (Zolo, 2006, p. 106). Desde posicións máis radicais Pier Paolo Portinaro pon de manifesto, «a afirmación de *expertocracias* mercenarias, parciais e avogadescas, que explotan estratexicamente as oportunidades e os recursos dunha nova *litigation society*».²⁹ Máis que a figura do xuíz, coa súa balanzaequilibradora dos diferentes valores e principios ético-xurídicos, o que se fixo co campo e expande cuantitativa e cualitativamente o seu propio poder é hoxe o comerciante de dereito» (Zolo, 2006, pp. 108-109). Á ética profesional contrapoñen o *lobby* político, especializándose en contenciosos económicos³⁰. Están creándose verdadeiras multinacionais do dereito que colaboran nos intereses das grandes corporacións mediante o uso de estratexias de todo tipo. A súa función non é preitear nos tribunais, senón redactar contratos desde a asimetría entre as partes³¹.

²⁸ O presidente do sindicato colombiano Sintraminercol denunciou que o Código de minas de 2001 foi redactado polos avogados de Holcim e Ladrilleras Santa Fe. A reforma de 1996 elaborouna unha avogada da transnacional Corona Gold Fields SA para adquirir as minas do sur de Bolívar. A denuncia esténdese ás lexislacións petroleras, ambientais e de investimento estranxeiro. Entrevista con Francisco Ramírez (Orrego Landazábal, 2007).

²⁹ Dous despachos de avogados dos Estados Unidos demandaron a empresa Repsol pola sobrevaloración das súas reservas. Ambas as accións se agruparon e presentaron demandas en representación dos posibles afectados. Repsol preferiu negociar e pagar oito millóns de dólares, dos que tres quedarán en custos xudiciais e honorarios. O resto deberá aboarse por medio de anuncios nos xornais para buscar os potenciais prexudicados (Jiménez, 2007).

³⁰ En Francia en 2009 unha parte da lei sobre a simplificación do dereito foi subcontratada a un gabinete xurídico privado; a fronteira entre a asesoría e a intromisión de intereses privados púxose de manifesto (Goanec, 2013).

³¹ O traballo de Dezalay e Garth analiza como unha nova concepción do dereito e da avogacía reciben a súa lexitimidade dos Estados Unidos. Estúdanse os casos do Brasil, Chile, Arxentina e México (Dezalay e Garth, 2003, pp. 723-748).

Desde esta perspectiva e no ámbito da xustiza arbitral, as relacións entre especuladores financeiros, despachos de avogados e árbitros están fomentando a arbitrase de investimentos. Cecilia Olivet afirma que «a presunta imparcialidade e independencia da arbitrase de investimentos é totalmente ilusoria. Os gobernos teñen as mans atadas. Mentres que as multinacionais se benefician, un pequeno grupo de sinaturas de avogados incita ás corporacións a demandar a gobernos»; ademais, «un grupo de árbitros usa a súa influencia para garantir que as normas do sistema non deixen de beneficiar os investidores e as demandas contra gobernos sigan xerando millóns de dólares» (Prieto, 2013). Segundo se recolle en Prieto (2013):

«O exclusivo grupo que domina esta “industria” está conformado por estudos de avogados e árbitros que están situados nos países desenvolvidos. Tres grandes despachos –Freshfields (Reino Unido), White & Case (Estados Unidos) e King & Spalding (Estados Unidos)– afirman ter participado en 130 casos de tratados de investimento tan só durante 2011. Soamente 15 árbitros –coñecidos como “a mafia interna”– resolveron 55% das disputas arbitrais coñecidas con base en tratados de investimento asinados polos estados. Segundo o informe, moitos destes árbitros tamén actúan como avogados das partes, traballan como académicos, asesores gobernamentais, son *lobbyistas* e analistas de medios de comunicación. Algúns teñen fortes vínculos persoais e comerciais con compañías, o cal lles outorga unha tremenda influencia sobre o sistema, en cuxa continuidade teñen un especial interese»³².

A última cuestión, desde unha perspectiva estritamente normativa, refírese á vinculación da responsabilidade social corporativa coa *soft law* ou o dereito brando. A categoría de *soft law* no ámbito da doutrina internacional vinculouse coas resolucións non obrigatorias de organizacións internacionais. A idea de non obrigatoriedade imprégñase coa de certo impacto xurídico das resolucións ou recomendacións non obrigatorias. Como recolle Mazuelos (2004, p. 13), existen dúas posicións contrapostas a respecto da súa natureza xurídica, a que nega este carácter por carecer de forza obrigatoria; e a que o afirma por estar previsto en tratados internacionais e adoptarse no exercicio de poderes conferidos e de acordo con procedementos establecidos. En realidade, a *soft law* no ámbito internacional supuxo dotar de certa utilidade normas que os estados adoptan, mais en ningún caso cumpren (López, 2007, p. 33). As empresas transnacionais empregaron o dereito brando como fórmula alternativa a calquera control xurídico.

As «boas prácticas das empresas transnacionais» fundaméntanse na ética empresarial (Sanagustin, 2011). Esta exprésase en dúas vertentes, a relacionada co modelo de sociedade e os seus valores; e a referida ás prácticas ou comportamentos empresariais.

³² Información obtida dun informe publicado por Eberhardt e Olivet (2013).

No plano dos valores establécese a pugna entre a mercantilización dos dereitos humanos que apuntala o aparato conceptual dominante, fronte á categoría universal e indivisible dos dereitos humanos. A idea forza neoliberal reside na universalización das liberdades mercantís e das normas que as sustentan mediante a xeneralización de aparatos normativos internacionais do dereito corporativo global. Entre tanto, as liberdades e os valores de igualdade e solidariedade reterritorialízanse cara a aparatos normativos nacionais de intensidade cada vez menor, cuxo desprazamento a sistemas brandos vai consolidándose.

Este é o fío central da moral dupla, discurso forte en valores mercantís e imperativos na súa regulación, fronte á exaltación da liberdade e a dignidade vinculada a boas prácticas empresariais e envoltas en retórica xurídica, mais carente dos seus núcleos normativos esenciais. Este modelo utiliza todo tipo de estratexias para manter e restaurar o poder das clases dominantes.

A outra vertente da ética empresarial, a das prácticas das multinacionais axustadas aos valores da empresa cidadá, non consegue reconducir a distorsión existente entre a realidade destas e as declaracións, os informes, os códigos de conduta e as auditorías de bo goberno. Son múltiples os exemplos desta flagrante contradición³³, mais no ámbito das relacións laborais, os novos modelos de organización empresarial baseados en programas de calidade, no deseño de plans individuais e novos equipos de traballo, nos círculos de calidade, na formación en valores, na visión e misión da empresa etc. coliden coa flexibilidade en toda a cadea do *iter* laboral. Así, a externalización, a subcontratación, a individualización, a precariedade e a perda de dereitos laborais e sociais, xunto á proliferación de formas diversas de traballo informal, son exemplos moi evidentes. Estes novos principios requiren novos aparatos normativos de imposición onde a fusión entre flexibilidade, individualización de normas voluntarias fundamentadas na ética da empresa se converten na expresión da responsabilidade social corporativa.

As ideas pseudonormativas sobre as que bascula a responsabilidade social empresarial son a voluntariedade, a unilateralidade, a autorregulación e a non esixibilidade, que se suman á categoría que vincula a globalización co modelo capitalista neoliberal, é dicir, un modelo inalterable en que a loita de clases debe substituírse pola corresponsabilidade entre empresariado, traballadores e sociedade civil. Neste marco, o control das

³³ Romero e Ramiro (2012) analizaron a maneira en que as grandes corporacións foron adaptando o seu discurso ás categorías que rexen as organizacións internacionais dereitos humanos, sustentabilidade ambiental, loita contra a pobreza, cooperación ao desenvolvemento etc. no marco da responsabilidade social corporativa e as alianzas público-privadas.

empresas transnacionais debe axustarse á mencionada corresponsabilidade, á colaboración coas institucións internacionais e á harmonía cos estados.

Ante modificacións tan extremas, a responsabilidade social corporativa preséntase como a alternativa máis adecuada. Este diagnóstico encobre a realidade sobre a que se articula o poder das multinacionais, que se materializa na súa capacidade de «lexislar» e delimitar o concepto e alcance da súa responsabilidade e das normas materiais sobre as que se sustenta. Ademais, frea calquera sistema xurídico de control elaborado desde institucións públicas.

7. Conclusións

A crise da función reguladora da norma xurídica non pode desligarse do dereito corporativo global, pano de fondo da actividade económica das empresas transnacionais, que se encontra atravesado polo conxunto das características descritas. As normas que emanan da OMC, os tratados rexionais e bilaterais de libre comercio e investimentos, os sistemas arbitrais (o sistema de solución de diferenzas da OMC ou o CIADI), o Banco Mundial, o FMI e os contratos de explotación e investimento das empresas transnacionais forman un ordenamento xurídico creado sen controis democráticos e cuxa feble lexitimidade é desproporcionada con relación á transcendencia das súas decisións, xa que son institucións formadas, no mellor dos casos, por representantes lexítimos para gobernaren no interior dos seus estados, mais non para gobernaren as relacións económicas e políticas do planeta (Fariñas, 2005, p. 149).

A cantidade de normas comerciais, a súa especialización (en moitos casos lexislan sobre produtos concretos)³⁴; a súa escuridade; a celeridade á hora de elaboralas, e sen sometemento aos paralelismos formais, onde, ademais, a abstracción e xeneralización das leis é substituída pola súa contractualización asimétrica³⁵... Trátase dunha feudalización do dereito, dun novo dereito corporativo oposto ao dereito público que actúa a favor das empresas transnacionais sen ningún contrapeso (Teitelbaum, 2007, pp. 1-43).

³⁴ Véxase, Zapatero (2003, p. 239). Pénsese, por exemplo, no acervo normativo da UE canto aos tratados bilaterais de investimentos e acordos comerciais, pois existen en vigor á volta de tres mil xunto a un número elevadísimo de tratados rexionais e acordos económicos. Contabilizáronse, á súa vez, máis de cincuenta mil tratados internacionais.

³⁵ As relacións xurídicas que se forman arredor da OMC e os tratados rexionais e bilaterais de comercio e investimentos actúan como vasos comunicantes, onde os paralelismos formais e a xerarquía normativa se esvaeecen en favor dos intereses dos grupos económicos, estados imperiais e empresas transnacionais.

A súa dificultade e a potencial inseguridade xurídica xerada no seu *iter* normativo contrastan coa plena seguridade xurídica, os efectos *erga omnes* e a eficacia sancionadora dos seus mecanismos arbitrerais. O resultado final queda tutelado polos mecanismos institucionais e privados do dereito corporativo global. Os intereses económicos das empresas transnacionais atópanse plenamente garantidos polas tendencias descritas.

Por outro lado, os estados receptores dos investimentos e as prácticas comerciais das empresas transnacionais aproban normas favorables a elas.³⁶ Isto cando á insuficiencia de mecanismos xurídicos que tutelen as maiorías sociais pode sumarse a falta de independencia do poder xudicial, os problemas de natureza procesual que impiden o exercicio efectivo da protección dos dereitos humanos e laborais e os problemas de acceso á representación legal por parte das comunidades e as vítimas.

As relacións de poder-dereito formalízanse ao analizar a tutela e a protección dos intereses das empresas multinacionais, cun dereito duro, imperativo, coercitivo, sancionador e plenamente eficaz, fronte ao reenvío das súas obrigas sociais e laborais á fragilidade do dereito internacional dos dereitos humanos e á responsabilidade social corporativa, é dicir, a un dereito brando, unilateral, voluntario e carente de mecanismos xurídicos eficaces. Os códigos de conduta carecen de toda capacidade de contrapeso fronte á fortaleza de dereito corporativo global (Hernández Zubizarreta, 2009, pp. 139-230).

Por último, a crise do dereito é inseparable da crise dos estados, da súa soberanía e dos sistemas de fontes. Son numerosas as funcións que se subtraen á capacidade normativa do estado, e o seu papel intervencionista e a súa capacidade normativa desprázanse cara a institucións supranacionais ou, incluso, cara a empresas transnacionais e as súas regulacións privadas. Os estados dedícanse máis a sustentar a lóxica mercantil dos distintos axentes sociais e económicos que a regulalos e disciplinalos. Fomentan a flexibilidade no ámbito xurídico mediante as privatizacións, desregulacións e limitacións das políticas públicas. O estado legisla non legislando (Sánchez Barrilao, 2004, pp. 248-256).

³⁶ Para o estudo das medidas que adoptaron os gobernos de Bolivia anteriores a Evo Morales, véxase González e Gandarillas (2010:13-16).

Referencias bibliográficas

ALBA RICO, S. (2011) «¿Qué significa ser de izquierdas?» *Le Monde Diplomatique* 193.

ALBA RICO, S. (2008) [en liña] «La superioridad del capitalismo». Disponible no enderezo web <<http://www.rebellion.org/noticia.php?id=75269>>.

ALBARRACÍN, D. (2011) «Una estrategia para romper la Europa del capital y encaminarse hacia otro modelo solidario supranacional» *vientosur.info* 04/09/2011. Disponible no enderezo web <<http://www.vientosur.info/spip.php?article5742>>.

ALEGRE ZAHONERO, L. e FERNÁNDEZ LIRIA, C. (2009) «Capitalismo y ciudadanía: la anomalía de las clases sociales» *Viento Sur* 100.

ALONSO, L. E. e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. J. (eds.) (2012) *La financiarización de las relaciones laborales. Una perspectiva internacional*. Madrid, FUEM Ecosocial/Los Libros de la Catarata.

AMNISTÍA INTERNACIONAL (2004) [en liña] *Estados Unidos de América. Negación de la dignidad humana: tortura y rendición de cuentas en la «guerra contra el terrorismo»*. Disponible no enderezo web <<https://www.amnesty.org/es/documents/AMR51/146/2004/es>>.

ARNAU, A.-J. (1998) *Entre modernité et mondialisation. Leçons d'histoire de la philosophie du droit et de l'État*. París, LGDJ.

ARRIGHI, G. e SILVER, J. (2001) *Caos y orden en el sistema mundo moderno*. Madrid, Akal.

ASENS, J. e PISARELLO, G. (2012) «La ilegalidad del poder» *Público* 07/02/2012.

ASENS, J. e PISARELLO, G. (2011a) *No hay derecho(s). La ilegalidad del poder en tiempos de crisis*. Barcelona, Icaria.

ASENS, J. e PISARELLO, G. (2011b) «Las agencias al banquillo» *Público* 06/04/2011.

BARCELONA, P. (1992) *Postmodernidad y comunidad. El regreso de la vinculación social*. Madrid, Trotta.

BÁRCENA, I. e SOSA, S. (2012) «Quién gana y quién pierde» *Viento Sur* 124.

BAYLOS, A. (2012) [en liña] «Una reforma laboral “clasista”: antisindicalidad y desregulación en el RDL 3/2012». Disponible no enderezo web <<http://baylos.blogspot.com.es/2012/02/una-reforma-laboral-clasista.html>>.

- BAYLOS, A. (2010) «Crisis, modelo europeo y reforma laboral» *Anuario de la Facultad de Derecho de la Universidad Autónoma de Madrid* 14, pp. 109-120.
- BECK, U. (2012) «La política de la inseguridad» *El País* 27/05/2012.
- BENSAID, D. (2004) *Cambiar el mundo*. Madrid, Libros de la Catarata.
- BONET, J. (2007) *Mundialización y régimen jurídico internacional del trabajo. La Organización Internacional del Trabajo como referente político jurídico universal*. Barcelona, Atelier.
- CABALLERO HARRIET, F. (2010) *Algunas claves para otra mundialización*. Tafalla, Txalaparta.
- CALDERÓN ORTIZ, G. (1995) «Globalización, empresas transnacionales y el Banco Mundial» *Gestión y Estrategia* 8, pp. 41-51.
- CALVIÑO SANTAMARÍA, N. (2009) «La respuesta de la Comisión: Europa ante la crisis económica. El papel de la política de la competencia» *Revista Española de Derecho Europeo* 36, pp. 479-484.
- CAMPOS RUBIO, A. (2008) «Aportaciones iusfeministas a la revisión crítica del derecho y a la experiencia jurídica» en Astola Madariaga, J. (coord.) *Mujeres y derecho, pasado y presente. Congreso multidisciplinar de la Sección de Bizkaia de la Facultad de Derecho*. s. l., Universidade do País Vasco.
- CAPELLA HERNÁNDEZ, J. R. (1999) «Estado y derecho ante la mundialización: aspectos y problemáticas generales» *Estudios de Derecho Judicial* 16, pp. 83-122.
- CARRASCOSA GONZÁLEZ, J. (2004) «Globalización y derecho internacional privado en el siglo XXI» *Anales de Derecho* 22, pp. 17-58.
- CASTILLO, A. M. (2001) «Globalización y derechos humanos: un saldo negativo para la humanidad» *El vuelo del Ícaro* 1, pp. 229-242.
- CEPRID (2013) [en línea] «Naciones Unidas: ¿Quién quiere pasar por la puerta giratoria». Disponible no endereço web <<http://www.rebellion.org/noticia.php?id=162789>>.
- CHEMILLIER-GENDREAU, M. (2002) *Droit international et démocratie mondiales. La raisons d'un échec*. París, Textuel.
- CHEMILLIER-GENDREAU, M. (2001) «Peut-on faire au capitalisme?» en Chemillier-Gendreau, M. e Moulrier-Boutang, Y. (dirs.) *Le droit dans la mondialisation*. París, Presse Universitaires de France.

COBO, R. (2011) *Hacia una nueva política sexual. Las mujeres ante la reacción patriarcal*. Madrid, Libros de la Catarata.

COMISIÓN MUNDIAL SOBRE A DIMENSIÓN SOCIAL DA GLOBALIZACIÓN (2004) [en liña] «Por una globalización justa: crear oportunidades para todos». Disponible no endereço web <<http://www.ilo.org/public/spanish/wcsdg/index.htm>>.

COMITÉ DE DEREITOS ECONÓMICOS, SOCIAIS E CULTURAIAS DAS NAÇÕES UNIDAS (2012) [en liña] «Examen de los informes presentados por los Estados partes en virtud de los artículos 16 y 17 del Pacto. Observaciones finales del Comité sobre los Derechos Económicos, Sociales y Culturales. España». Disponible no endereço web <<http://tinyurl.com/z4v82vv>>.

COMITÉ PARA A ANULACIÓN DA DÉBEDA DO TERCEIRO MUNDO (2008) [en liña] «La actualidad de la doctrina de la deuda odiosa». Disponible no endereço web <<http://cadtm.org/La-actualidad-de-la-doctrina-de-la>>.

CORTÁZAR MORA, J. (2006) «Séptimo reporte del Comité de Derecho del Comercio Internacional de la Asociación de la Asociación de Derecho Internacional» *International Law* 8, pp. 275-294.

DAUGAREILH, I. (2009) «Responsabilidad social de las empresas transnacionales. Análisis crítico y prospectiva jurídica» *Cuadernos de Relaciones Laborales* 27(1), pp. 77-106.

DE LA FUENTE LAVÍN, M. (2012) «Agencias de calificación» en Hernández Zubizarreta, J.; González, E. e Ramiro, P. (eds.) *Diccionario crítico de empresas transnacionales*. Madrid, Icaria.

DE LA FUENTE LAVÍN, M. e HERNÁNDEZ ZUBIZARRETA, J. (2006) «El movimiento sindical ante la globalización neoliberal: algunos ejes de intervención» en Grau, E. e Ibarra Güell, P. (coords.) *La Red en la Encrucijada. Anuario de Movimientos Sociales* 2005, pp. 42-61.

DE SOUSA SANTOS, B. (2009) *Sociología jurídica crítica. Para un nuevo sentido común en el derecho*. Madrid, Trotta.

DE SOUSA SANTOS, B. (2003) *La caída del Ángel Novus. Ensayos para una nueva teoría social y una nueva práctica política*. Bogotá, Universidade Nacional de Colombia.

DE SOUSA SANTOS, B. (1998) *La globalización del derecho. Los nuevos caminos de la regulación y la emancipación*. Bogotá, Universidade Nacional de Colombia.

DE SOUSA SANTOS, B e GARCÍA VILLEGAS, M. (2001) *El caleidoscopio de las justicias en Colombia*. Bogotá, Siglo del Hombre Editores/Universidade dos Andes.

DEZALAY, I. e GARTH, B. (2003) «Patrones de inversión jurídica extranjera y de transformación del estado en América Latina» en Fix-Fierro, H.; Pérez Perdomo, R. e Friedman, L. M. (coords.) *Culturas jurídicas latinas de Europa y América en tiempos de globalización*. México, Universidade Autónoma de México/Instituto de Investigaciones Xurídicas.

DOMINGO OSLÉ, R. (2007) *¿Qué es el derecho global?* Madrid, Dykinson.

EBERHARDT, P. e OLIVET, C. (2013) *Cuando la injusticia es negocio. Cómo las firmas de abogados, árbitros y financiadores alimentan el auge del arbitraje de inversiones*. Bruselas/Amsterdam, Corporate Europe Observatory/Transnational Institute.

ECHAIDE, J. (2011) [en línea] «Organismos internacionales y sistema mundial: El CIADI como mecanismo de seguridad jurídica para el capital transnacional (con especial referencia al caso argentino)». Disponible no endereço web <<http://tinyurl.com/h6ctgdx>>.

FARIA, E. F. (2001) *El derecho en la economía globalizada*. Madrid, Trotta.

FARIÑAS DULCE, M. J. (2005) *Mercado sin ciudadanía. Las falacias de la globalización neoliberal*. Madrid, Biblioteca Nueva.

FERRAJOLI, L. (2004) *Derechos y garantías*. Madrid, Trotta.

GARAY, A. (2012) «Puertas giratorias» en Hernández Zubizarreta, J.; González, E. e Ramiro, P. (eds.) *Diccionario crítico de empresas transnacionales*. Madrid, Icaria.

GARCÍA DE ENTERRÍA, E. (1999) *Justicia y seguridad jurídica en un mundo de leyes desbocadas*. Madrid, Civitas.

GARÍ, M. (2011) «Cumbre a medida del capital» *Viento Sur* 114.

GOANEC, M. (2013) «Las consultorías privadas escriben las leyes» *Le Monde Diplomatique* 207.

GONZÁLEZ, E. e GANDARILLAS, M. (2010) *Las multinacionales en Bolivia. De la desnacionalización al proceso de cambio*. Barcelona, Icaria.

GUDYNAS, E. e BUONOMO, M. (2007) *Integración y comercio. Diccionario latinoamericano de términos y conceptos*. Montevideo, Coscoroba.

HABERMAS, J. (2012) *La constitución de Europa*. Madrid, Trotta.

HERNÁNDEZ ZUBIZARRETA, J. (2012) «Lex Mercatoria» en ídem; González, E. e Ramiro, P. (eds.) *Diccionario crítico de empresas transnacionales*. Madrid, Icaria.

HERNÁNDEZ ZUBIZARRETA, J. (2011) «Las empresas transnacionales, los derechos humanos y el movimiento sindical. Hacia un nuevo marco normativo. Los acuerdos marco globales» en Baylos, A. e Gianibelli, G. (eds.) *Convergencia sindical, movimientos sociales e integración latinoamericana*. Valencia, Amela/Pre-textos.

HERNÁNDEZ ZUBIZARRETA, J. (2009) *Las empresas transnacionales frente a los derechos humanos: historia de una asimetría normativa*. Bilbao, Hegoa/OMAL.

HERNÁNDEZ ZUBIZARRETA, J. e RAMIRO P. (2010) «Seguridad jurídica, ¿Para quién?» *Pueblos* 43.

HOBBSAWM, E. (2011) *Cómo cambiar el mundo*. Barcelona, Crítica.

HUSSON, M. (2013) «Unión Europea. El choque chipriota» *vientosur.info* 27/03/2013. Disponible no endereço web <<http://www.vientosur.info/spip.php?article7821>>.

HUSSON, M. (2011) «Euro. ¿Salir o no salir?» *Viento Sur* 118.

JENNER, M. J. (2012) «Dos tratados para un golpe de Estado europeo» *Le Monde Diplomatique* 201.

JIMÉNEZ, M. (2007) «Repsol YPF zanja el pleito por la rebaja de reservas con el pago de sólo seis millones» *El País* 29/08/2007.

JULIOS CAMPUZANO, A. (2007) «Globalización, pluralismo jurídico y ciencia del derecho» en ídem (ed.) *Dimensiones jurídicas de la globalización*. Madrid, Dykinson.

KRASNER, S. (2001) *Soberanía, hipocresía organizada*. Barcelona, Paidós.

LAL DAS, B. (2005) *La OMC. Estrategias de negociación. Opciones, oportunidades y riesgos para los países en desarrollo*. Montevideo, Instituto del Tercer Mundo.

LAPORTA, F. J. (2007) *El imperio de la ley una visión actual*. Madrid, Trotta.

LÓPEZ, D. (2008) *La responsabilidad laboral de las empresas multinacionales*. Santiago de Chile, OXFAM. Disponible no endereço web <<http://tinyurl.com/z9ll52h>>.

LÓPEZ AYLLÓN, S. (1999) «Globalización, estado nacional y derecho. Los problemas normativos de los espacios deslocalizados» *Isonomía* 11.

LORDON, F. (2011) «¿El plan de rescate europeo es ilegal?» *Le Monde Diplomatique* 196.

MALARET, E. (2010) «Intervención de los estados miembros y derecho europeo de las ayudas públicas: estado y mercado en la crisis económica» *Anuario de la Facultad de Derecho de la Universidad Autónoma de Madrid* 14, pp. 65-86.

MAZUELOS BELLIDO, A. (2004) «Soft law: ¿mucho ruido pocas nueces?» *Revista electrónica de Estudios Internacionales* 8. Disponible no endereço web <<http://tinyurl.com/hez9nqz>>.

MENDIALDEA, B. (2012) [en liña] «Deuda, banca y recortes» en Fundación 1.º de Mayo *Anuario Sociolaboral 2012*. Disponible no endereço web <<http://tinyurl.com/z2e2h35>>.

MERCADER, J. (2003) «El futuro de los ordenamientos laborales en la era de la globalización» en Sanguinetti, W. e García, A. (eds.) *Globalización económica y relaciones laborales*. Salamanca, Universidade de Salamanca.

MERCADO PACHECO, P. (1999) «El Estado comercial abierto. La forma de gobierno de una economía desterritorializada» en Capella Hernández, R. (coord.) *Transformaciones del derecho en la mundialización*. Madrid, Consello Xeral do Poder Xudicial.

MILLÁN MORO, L. (2011) «Los derechos fundamentales en la Unión Europea y el Tratado de Lisboa» en Soroeta, J. (ed.) *La eficacia del derecho internacional de los derechos humanos*. Donostia, Universidade do País Vasco.

MILLET, D. e TOUSSAINT, E. (2012) [en liña] «Europa: ¿qué programa de urgencia frente a la crisis». Disponible no endereço web <<http://cadtm.org/Europa-Que-programa-de-urgencia>>.

MONEREO PÉREZ, J. L. (2011) *La tradición del marxismo crítico*. Granada, Comares.

MONEREO PÉREZ, J. L. (2007) «Conocimiento y crítica del derecho: por una teoría comprensiva y explicativa del derecho» *Revista de Derecho Social* 37, pp. 11-52.

MONTOYA, R. (2013) [en liña] «Guantánamo, 11 años de infierno» *vientosur.info* 12/01/2013. Disponible no endereço web <<http://www.vientosur.info/spip.php?article7582>>.

NAVARRO, V. (2011) «Concentración de la riqueza» *Público* 29/12/2011.

NAVARRO, V.; TORRES, J. e GARZÓN, A. (2011) *Hay alternativas*. Madrid, Sequitur.

NITSCH, N. (1982) «L'inflation juridique et ses conséquences» *Archives de Philosophie du Droit* 27.

OBSERVATORIO DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (2012) [en liña] «La responsabilidad social corporativa en las memorias anuales de las empresas del Ibex 35. Análisis del ejercicio 2010». Disponible no endereço web <<http://tinyurl.com/jhjd9c4>>.

OLIVET, C. (2011) [en liña] «El lado oscuro de los acuerdos de inversión» *Transnational Institute* 07/02/2012. Disponible no enderezo web <<http://www.tni.org/es/article/el-lado-oscuro-de-los-acuerdos-de-inversion>>.

ORREGO LANDAZÁBAL, G. (2007) «Cerraron el sindicato para dar paso a las transnacionales» *Gara* 21/05/2007. Disponible no enderezo web <<http://tinyurl.com/jpsdyfo>>.

PASTOR, J. (2012) [en liña] «¿Hacia el caos sistémico?» *vientosur.info* 26/01/2012. Disponible no enderezo web <<http://www.vientosur.info/spip.php?article6206>>.

PASTOR, J. (2007) «Economía política de la “globalización”, crisis de centralidad de los Estados y procesos de “desdemocratización”» en Martín, M. C. e Lamas, M. (comps.) *Actas Congreso HEGOA. El desafío del desarrollo humano. Propuestas locales para otra globalización*. Bilbao, Lankopi. Disponible no enderezo web <<http://publicaciones.hegoa.ehu.es/publications/177>>.

PISARELLO, G.; GARCÍA, A. e OLIVAS, A. (2009) *Los derechos sociales como derechos justiciables: potencialidades y límites*. Albacete, Bomarzo.

PRIETO, A. (2013) «¿Que cobrás?» *La Diaria* 21/02/2013. Disponible no enderezo web <<http://ladiaria.com.uy/articulo/2013/2/que-cobras>>.

RAMÍREZ, A. (2012) «Crisis del euro. El verano de todas las alarmas» *Viento Sur* 124.

RAMONET, I. (2011) «La gran regresión» *Le Monde Diplomatique* 194.

RAMONET, I. (2003) «Nuevo capitalismo» en ídem *Un mundo sin rumbo*. Madrid, Debate.

RECIO, A. (2012) «El reformismo del rescate asimétrico» *Mientras Tanto* 105.

REICH, R. (2012) «Juicio a la libre empresa» *Público* 22/01/2012.

REIS, R. e FARIA, J. (2010) [en liña] «Apreensões de medicamentos genéricos e a condenação da UE no Tribunal Permanente dos Povos» *Pontes* 6(5). Disponible no enderezo web <<http://www.ictsd.org/bridges-news/pontes/news/apreens%C3%B5es-de-medicamentos-gen%C3%A9ricos-e-a-condena%C3%A7%C3%A3o-da-ue-no-tribunal>>.

RIQUELME, R. (2005) *Derecho internacional. Entre un orden global fragmentado*. Madrid, Biblioteca Nueva.

RODOTA, S. (2010) *La vida y las reglas. Entre el derecho y el no derecho*. Madrid, Trotta.

ROMERO, M. e RAMIRO, P. (2012) *Pobreza 2.0. Empresas, estados y ONGD ante la privatización de la cooperación al desarrollo*. Barcelona, Icaria.

- ROUSSET, R. (2011) [en línea] «La crisis de la Unión Europea y la dinámica de las resistencias» *vientosur.info* 08/11/2011. Disponible no endereço web <<http://tinyurl.com/j2245uv>>.
- RÜEGEMER, W. (2013) *Las agencias de calificación*. Barcelona, Virus.
- RUIZ DÍAZ BALBUENA, H. (2002) [en línea] «Deuda odiosa o deuda nula». Disponible no endereço web <<http://cadtm.org/Deuda-odiosa-o-deuda-nula>>.
- SACHS, J. (2005) *El Fin de la Pobreza. Como conseguirlo en nuestro tiempo*. Barcelona, Debate.
- SANAGUSTIN, M.^a V. (2011): *Valores y ética empresarial*. Madrid, Trotta.
- SÁNCHEZ BARRILAO, J. F. (2004) «Sobre la constitución normativa y la globalización» *Revista de la Facultad de Derecho de la Universidad de Granada* 7, pp. 241-261.
- SARTORIUS, N. (dir.) (2010) *Una nueva gobernanza global: propuestas para el debate*. Madrid, Marcial Pons.
- SEN, A. (2010) *La idea de la justicia*. Madrid, Taurus.
- SILVER, B. J. (2005) *Fuerzas de trabajo. Los movimientos obreros y la globalización desde 1870*. Madrid, Akal.
- SORTIRIS, P. (2012) [en línea] «Grecia. De la desesperación a la resistencia». Disponible no endereço web <<http://www.rebellion.org/noticia.php?id=144849>>.
- SUPIOT, A. (2011) *El espíritu de Filadelfia. La justicia social frente al mercado total*. Barcelona, Península.
- SUPIOT, A. (2006) «Derecho y trabajo ¿Un mercado mundial de normas?» *New Left Review* 39.
- TAJADURA, J. (2012) «El Banco Central Europeo y la soberanía» *El País* 22/05/2012.
- TEITELBAUM, A. (2010) *La armadura del capitalismo. El poder de las transnacionales en el mundo contemporáneo*. Madrid, Icaria.
- TEITELBAUM, A. (2007) *Al margen de la ley: sociedades transnacionales y derechos humanos*. Bogotá, ILSA.
- THRIFT, N. A. (1996) «Hiperactive World» en Johnston, R. J. (ed.) *Geographies of Global Change. Remaping the world in the Late Twentieth Century*. Oxford, Blackwell Publishers.

- TIWINING, W. (2000) *Globalisation and Legal Theory*. Londres, Butterworths.
- TORRES LÓPEZ, J. e GARZÓN ESPINOSA, A. (2012) [en liña] «Un traje a medida de los banqueros que no resuelve los problemas». Disponible no enderezo web <<http://tinyurl.com/h6s6l87>>.
- TORRES LÓPEZ, J. e GARZÓN ESPINOSA, A. (2010) *La crisis de las hipotecas basura. ¿Por qué se cayó todo y no se ha hundido nada?* Madrid, Sequitur.
- TOUSSAINT, E. e VIVIEN, R. (2011) [en liña] «Grecia, Irlanda, Portugal: ¿por qué son odiosos los acuerdos firmados con la “Troica” (UE, BCE y FMI)?» Disponible no enderezo web <<http://cadtm.org/Grecia-Irlanda-Portugal-Por-que>>.
- UHARTE, L. M. (2012) «Lobby» en Hernández Zubizarreta, J.; González, E. e Ramiro, P. (eds.) *Diccionario crítico de empresas transnacionales*. Madrid, Icaria.
- UNCETA, K. (2008) «Riesgos diversos y asimétricos en el capitalismo global: La noción de riesgo país y sus implicaciones» *Lan Harremanak* 18, pp. 51-66. Disponible no enderezo web <http://www.ehu.es/ojs/index.php/Lan_Harremanak/article/view/2650>.
- VALENCIANO, R. B. (2012) *Un sindicalismo para el futuro. Reflexiones sobre el trabajo y el cambio social*. Madrid, Fundación 1.º de Mayo.
- VIDAL-BENEYTO, J. (2008) «Las desvergüenzas del capitalismo» *El País* 22/11/2008.
- VIDAL-FOLCH, X. (2013) «Son los ministros los que violan la ley» *El País* 20/03/2013.
- VV. AA. (2013) *El desigual impacto de la crisis sobre las mujeres*. Madrid, FUEM Ecosocial. Disponible no enderezo web <<http://tinyurl.com/jdn2qes>>.
- ZABALO, P. (2006) «El papel de las multinacionales en la economía globalizada» *Pueblos* 5.
- ZAGREBELSKY, G. (1995) *El derecho dúctil. Ley derechos y justicia*. Madrid, Trotta.
- ZAPATERO, P. (2003) *Derecho del comercio global*. Madrid, Thomson Civitas.
- ZOLO, D. (2006) *Globalización un mapa de los problemas*. Bilbao, Ediciones Mensajero.
- ZUBERO, I. (2007) «Trabajo decente: iluminando una realidad cada vez más oscura» en ídem; Sen, A. e Stiglitz, J. *Se busca trabajo decente*. Madrid, Ediciones HOAC.